

# MEMORIA

REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA  
2026/27

AUDITORIO DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA

# MEMORIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA 2026/27





Presentamos unha nova tempada de abono que nace dunha fonda convicción: a cultura é un dereito colectivo e unha ferramenta de transformación social. Desde esta perspectiva, concibimos a música clásica non como un privilexio de elites, senón como un patrimonio vivo que pertence á cidadanía e que debe latexar en cada recuncho do noso territorio.

As propostas da Real Filharmonía de Galicia rompen cos vellos moldes para abrazar a diversidade e a equidade e amosar, con orgullo, a nosa identidade cultural á vez que nos abre ao mundo. Así, o talento feminino, a nova creación ou a apertura cara á sociedade deixan de ser un feito illado para darlles un espazo de seu nos seus concertos.

A orquestra asume un firme compromiso, saíndo do seu ámbito, o Auditorio de Galicia, para levar a excelencia musical directamente aos barrios da cidade, nunha aposta pola música que dialogue coa veciñanza, tecendo comunidade onde se constrúe a vida. Este esforzo de democratización cultural enriquecese coa participación dos coros afeccionados que amosan que o empeño das persoas é o motor máis potente da creación artística.

Viaxaremos do Barroco ao Romanticismo, da man de grandes mestres e mestras, como Rameau, Bach, Haydn, Boccherini, Mozart, Beethoven, Schubert, Felix e Fanny Mendelssohn ou Brahms, que abriaran a memoria ás partituras de Dvorak, Sibelius, Rachmaninov, Mahler e Strauss complementadas polo xenio operístico de Bizet, o lirismo de Duparc, a cor de Ravel e as visións universais de Villa-Lobos, Emily Mayer e Berio.

O talento novo e a vangarda internacional guiarán esta viaxe sonora a través da memoria. Damos a benvida a César Ramos na súa primeira tempada coa Real Filharmonía

de Galicia como director asistente; ademais, contaremos coa recoñecida pianista Eva Gevorgyan como artista residente, unha nova intérprete que encarna o futuro. Xunto a eles, Magnus Lindberg será o compositor residente, achegando un pulo renovador e a mestría da creación máis contemporánea, que completarán outras pezas de Helmut Lachenmann, Jay Capperault, Anna Thorvaldsdottir, Caroline Shaw ou Deborah Pritchard.

As/os nosas/os artistas estarán presentes no programa de abono que contará coa oboísta Iria Folgado; as voces de Emilia Pérez, Sergio Malvar e Lucas López; o director Javier Fajardo; a actriz Carla Mojón e a dramaturga Lorena Conde xunto a nomes xa coñecidos para as persoas abonadas como Patricia Kopatchinskaja, Chloé van Soeterstède, Michel Camilo, Perry So, Johannes Moser ou Clark Rundell, e outras que visitarán Compostela por primeira vez: Katrin Wundsam, Roman Simovic, Julia Cruz, Jeannette Sorrell e Sofía Ros, por citar algunhas.

A programación lévanos cara a outras realidades a través de concertos (EN)FOCO XACOBEO que explorarán as fronteiras do cinema –no 40 aniversario de Cineuropa–, o tango e músicas doutras latitudes, demostrando que as identidades se fortalecen cando conversan entre si. Tamén este apartado terá presenza galega, co baile de Óscar Cobos e Antía Barcia.

As citas didácticas ofrecen á rapazada a oportunidade de descubrir a música clásica en directo. Esta experiencia convértese nun tema de conversa e lecer en compañía, o que dá maior impacto, se cabe, aos concertos familiares. A participación de centros de ensino de toda Galiza, reafirma o compromiso da orquestra e consolida a súa presenza no corazón cultural do país e o seu papel estratéxico como referente do noso panorama musical.

Fiel ao seu espírito anovador, a Real Filharmonía de Galicia volve mergullarse no Sensoxenoma, un estudo sobre a música como modulador fisiolóxico capaz de influír nos xenes de persoas con trastornos neurolóxicos ou cognitivos, conectando a nosa herdanza biolóxica coa nosa memoria cultural. Un proxecto cultural e científico no que nos honra colaborar, tamén coa Banda Municipal de Música, coa Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS).

E nesa liña debo nomear a Asociación de Amigos da Ópera presente no ciclo de lied e nos concertos corais, ás Sociedade Filharmónicas de todo o país e o Festival RESIS. Son exemplos de como a colaboración fortalece os proxectos e abre novos espazos para a música e a arte na sociedade que consolidan a vida cultural da nosa comunidade.

Agradecemoslle ao noso público o seu apoio incondicional e propoñémoslle formar parte desta tempada que nace coa mirada aberta ao mañá, asumindo o reto de descubrir novos horizontes musicais sen perder a memoria das nosas raíces. Facémolo desde a responsabilidade indiscutible da vocación pública, concibida para albergar, protexer e facer vibrar todas as sensibilidades, linguaxes e gustos que compoñen o mosaico da nosa sociedade. É un compromiso coa diversidade e co futuro, mais tamén, un convite á pausa e ao encontro. En definitiva, convidamos todas as persoas afeccionadas fieis e o público xeral a habitar un espazo compartido para escoitar, reflexionar, emocionarnos e reivindicar, en colectivo, o poder transformador da nosa cultura.

**Goretti Sanmartín Rei**  
Alcaldesa de Santiago de Compostela



Cando comecei a traballar nesta nova programación, unha idea aparecía de forma recorrente: a relación entre a música e a memoria e, máis concretamente, a maneira na que a música aniña nela. Está presente nos recordos ligados a unha melodía, nas obras que atravesan séculos e nos ecos do pasado que inspiran novas creacións. escoitar música é, en certo modo, pór en marcha unha cadea de lembranzas, referencias e emocións que unen a experiencia individual coa colectiva.

A tempada 2026/27 da Real Filharmonía de Galicia artículase a partir desa idea. Traza un percorrido que apela á memoria de múltiples maneiras: como tradición, homenaxe, inspiración, legado e como materia viva da creación contemporánea.

Cóntase que Paul McCartney espertou unha mañá cunha melodía completa na cabeza. Sentou ao piano e tocouna varias veces, convencido de que debía de pertencer a alguén. Parecíalle imposible que aquela música tan fermosa fose súa. Durante semanas preguntou a amigos e colegas se a recoñecían. Ninguén soubo identificala. A melodía era, en efecto, nova. Titúlouna *Yesterday*.

Mesmo sen sermos conscientes, canto escoitamos, vivimos e nos emociona deixa pegada. O cerebro conserva esas experiencias, transfórmaas e devólvenolas convertidas en algo novo. Toda creación musical é unha forma de lembranza.

Ese diálogo entre o herdado, o vivido e o que está por vir vertebra a tempada. No primeiro concerto, titulado *Memoria*, as *Folk Songs* de Luciano Berio recuperan melodías de distintas tradicións populares transformadas por unha voz contemporánea que conserva a súa identidade. A *Sinfonía núm. 4* de Gustav Mahler segue unha liña semellante: apoiada na tradición clásica, lémbraos que calquera composición conversa coas que a preceden.

E é que a nosa escoita está condicionada polo recordo. Levamos connosco expectativas e referencias que a música pode confirmar ou pór en cuestión. Joseph Haydn sabía ben cando escribiu a *Sinfonía núm. 94*, coñecida como *A sorpresa*. O célebre golpe do segundo movemento só funciona porque racha co que o público espera. A memoria vólvese elemento activo da experiencia musical.

Para sementar novas lembranzas, xorden os concertos (EN)FOCO XACOBEO, unha invitación a descubrir artistas, proxectos e linguaxes que amplían os horizontes da orquestra e enriquecen o noso universo sonoro. É o caso da proposta sinfónica de Rufus Wainwright, coa que a canción popular adquire unha nova dimensión orquestral; ou o da música de Michel Camilo, que integra tradición clásica, jazz e ritmos afrocaribeños nunha linguaxe en evolución constante.

Esta conversa entre tempos e formas de expresión continúa na creación contemporánea. Para min é unha inmensa fortuna contar nesta tempada con Magnus Lindberg como compositor residente. A súa obra demostra que innovar non significa esquecer a tradición, senón dialogar con ela. En *Absences*, así, a lembranza de Beethoven adopta unha linguaxe plenamente actual. Da mesma forma, Helmut Lachenmann, sitúase en *Accanto* «a carón» do *Concerto para clarinete* de Mozart, facendo emerxer fragmentos do pasado cunha escritura de vangarda. E compositoras como Caroline Shaw evidencian que a creación musical segue sendo un espazo para a reinvenção.

O fío da memoria permítenos tecer un diálogo entre xeracións. Dámoslle a benvida á pianista Eva Gevorgyan como artista residente e a César Ramos como director asistente. O seu traballo simboliza o futuro da orquestra e o compromiso coa formación de novos talentos. Ao tempo, o curso internacional de dirección reforza esta vontade de compartir

coñecemento e crear oportunidades de aprendizaxe profesional. Porque unha orquestra non é só un proxecto artístico, senón unha comunidade. Ningunha tempada se constrúe en solitario. Quero expresar o meu recoñecemento ás persoas que integran a RFG e que, co seu compromiso, a súa dedicación e a experiencia acumulada ao longo dos anos, fan de cada concerto un novo capítulo desta historia compartida. Agradezo tamén a entrega e a ilusión de cantas directoras e directores, solistas e intérpretes compartirán con nós este percorrido e contribuirán a darlle forma.

E o público é parte esencial desa comunidade que se constrúe arredor da música. Cada concerto deixa unha pegada distinta; poucas experiencias artísticas son tan persoais e, ao mesmo tempo, tan compartidas. Por iso, proxectos participativos como *Cantamos!* ocupan un lugar destacado nesta programación, xerando un espazo de encontro e de creación de recordos comúns. Nesa mesma vontade inscíbense os proxectos didácticos en colaboración con La Maquiné, froito do compromiso de chegar a música a novos públicos e de coidar especialmente as audiencias máis novas.

Como director artístico e titular da Real Filharmonía de Galicia, síntome profundamente agradecido por emprender esta viaxe xunto a vostedes. Os programas que están por vir ofrecerannos ocasións para descubrir, sorprendernos e emocionarnos. E tamén, espero, para construír a nosa memoria en colectivo.

Porque somos, en parte, aquilo que lembramos. E tamén aquilo que escoitamos.

**Baldur Brönnimann**  
Director titular e artístico da  
Real Filharmonía de Galicia

# BALDUR BRÖNNIMANN

## DIRECTOR TITULAR E ARTÍSTICO DA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Nado en Suíza e residente en Madrid desde hai máis de trece anos, Baldur Brönnimann formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Mánchester, institución na que máis tarde foi nomeado profesor visitante de dirección.

Director fondamente comprometido coa creación contemporánea e coa presenza da música clásica na sociedade actual, Brönnimann desenvolve tamén unha intensa actividade como impulsor de novas obras e comisario de festivais e ciclos, ademais de dedicarse á divulgación e á formación de novos músicos e públicos.

A súa traxectoria á fronte de formacións internacionais comezou como director titular da Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia, en Bogotá, entre 2008 e 2012. Posteriormente asumiu a dirección artística de BIT20, principal ensemble de música contemporánea de Noruega, entre 2011 e 2015. Ademais, de 2014 a 2020 foi director principal da Orquesta Sinfónica do Porto Casa da Música, á que continúa regresando regularmente tras unha etapa especialmente recoñecida.

Entre 2016 e 2023 estivo tamén á fronte da Sinfonietta de Basilea, onde desenvolveu programas que combinaban repertorio contemporáneo e clásico nun diálogo constante orientado a cuestionar as convencións da tradición orquestral e abrir novas perspectivas interpretativas.

Ao longo da súa carreira dirixiu interpretacións de referencia de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel ou Zimmermann en citas internacionais como Wien Modern, Darmstadt,



Mostly Mozart no Lincoln Center ou os BBC Proms. O seu traballo conta ademais co recoñecemento de figuras fundamentais da creación actual como Unsuk Chin, Helmut Lachenmann ou Kaija Saariaho.

Nas últimas tempadas consolidouse como un dos directores máis solicitados no ámbito europeo, colaborando con formacións como a Filharmónica de Seúl, a Filharmónica de Oslo, a Sinfónica da WDR, a Orquesta Simfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, a Filharmónica de Bergen, a Sinfónica da Radio de Viena ou as orquestras de cámara Aurora e Múnic, entre outras.

No ámbito operístico, Brönnimann dirixiu producións de referencia como *Le Grand Macabre*, de Ligeti, na English National Opera, na Komische Oper Berlin e no Teatro Colón de Bos Aires —nas montaxes de *La Fura dels Baus* e *Barrie Kosky*—; *The Death of Klinghoffer*, de John Adams, na English National Opera; *L'amour de loin*, de Kaija Saariaho, no Festival de Bergen e na Ópera de Noruega; ou *Index of Metals*, de Romitelli, con Barbara Hannigan no Theater an der Wien.

No Teatro Colón dirixiu tamén *Erwartung*, de Schoenberg; *Hagith*, de Szymanowski; *The Little Match Girl*, de Helmut Lachenmann —co propio compositor como narrador—; e *Die Soldaten*, de Zimmermann.

Coa súa capacidade para combinar repertorio contemporáneo e tradición sinfónica desde unha mirada aberta e innovadora, Baldur Brönnimann consolidouse como unha das batutas máis singulares do panorama internacional actual. Defensor do papel social e transformador da música, reivindica tamén o carácter público das orquestras como espazos de encontro, reflexión e acceso colectivo á cultura, entendendo estas institucións como ferramentas fundamentais para fortalecer o vínculo entre a creación artística e a cidadanía.

# EVA GEVORGYAN

## ARTISTA EN RESIDENCIA

Artista distinguida como Yamaha Young Performing Artist, Eva Gevorgyan consolidouse como unha das intérpretes máis prometedoras da súa xeración tras recibir máis de corenta galardóns en certames internacionais de piano. Entre os seus recoñecementos destacan os primeiros premios no Cleveland International Piano Competition for Young Artists (2018) e no Van Cliburn Young Artist Competition (2019).

Nos últimos anos sumou tamén outros galardóns como o Prix du Bern (Suíza, 2023), o Discovery Award dos International Classical Music Awards en 2019 e o Gran Premio do Russia National Orchestra Competition. Ademais, foi finalista e recibiu un Premio Especial no prestigioso Concurso Internacional Chopin en Varsovia.

Actuou como solista coa Orquestra Sinfónica de Dallas, a Orquestra Sinfónica de Lucerna, a Filharmónica de Varsovia, a Orquestra Mariinsky, a Filharmónica Nacional de Rusia, a Filharmónica de Ontario, a Orquestra Nacional de Rusia, a Orquestra Sinfónica Académica Estatal Evgeny Svetlanov, a Filharmónica de Magdeburgo, a Orquestra Sinfónica de Cantón, a Neue Philharmonie Hamburg, a Orquestra Sinfónica de Leipzig, a Filharmónica de Liechtenstein, a Orquestra Filharmónica Nacional de Armenia, a Filharmónica de Marrocos, a Filharmónica de Malta, a Orquestra Sinfónica de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Tatarstán, entre outras.

Tamén actuou en recital en festivais como o Verbier Festival (Suíza), o Duszniki International Chopin Piano Festival (Polonia), o Festival Internacional de Piano de Brescia e Bérgamo (Italia), o Klavier-Festival Ruhr (Alemaña), o White Nights Festival (Rusia), o Schleswig-Holstein Musik Festival (Alemaña), o BEMUS (Serbia), o Montreal Bach Festival (Canadá), o Eilat Chamber Music Festival (Israel), o Shanghai International Piano Festival (China), o ArtDialog Festival (Suíza), as Osor Musical Evenings (Croacia), o Keyboard Odysiad Festival (EUA), o Chopin Festival (Brasil) e o VP Bank Classic Festival (Suíza). En 2023 debutou no La Roque d'Anthéron Festival (Francia), obtendo excelentes críticas.



Gevorgyan realiza os seus estudos na Central School of Music do Conservatorio Chaikovski de Moscova con Natalia Trull e na Escuela Superior de Música Reina Sofía de Madrid baixo a guía de Stanislav Ioudenitch. Ademais, foi distinguida coa prestixiosa bolsa do Klavier-Festival Ruhr en 2020, concedida por Evgeny Kissin.

Xa actuou en importantes salas de concertos como o Royal Albert Hall, o KKL Lucerne, o Gewandhaus, a Mariinsky Concert Hall, a Laeiszhalle de Hamburgo, o Auditorio Nacional de Música de Madrid, o Asahi Hall en Tokio, o Teatro B32 (Brasil), o Teatro Juárez (México), a Salle Bourgie en Montreal e a Salle Cortot en París.

O seu primeiro CD co selo Melodiya, con obras de Chopin e Scriabin, foi publicado en 2022 e recibiu unha grande acollida por parte da crítica.

Eva Gevorgyan colaborou con prestixiosos directores como Valery Gergiev, Lawrence Foster, Stéphane Denève, Vasily Petrenko, Alexander Liebreich, Fabio Mastrangelo, Wayne Marshall, Anatoly Levin, Yuri Medianik, Dmitry Jurowski e Ruth Reinhardt, entre outros.

### CONTRAFACUM

**XOV 12 NOV** Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

**VEN 13 NOV** Ferrol (Auditorio de Ferrol)

### PAISAXES DA ALMA

**XOV 25 FEB** Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

**VEN 26 FEB** Ferrol (Auditorio de Ferrol)

### MELODÍAS OCULTAS

**XOV 22 ABR** Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

**VEN 23 ABR** Vilagarcía de Arousa  
(Auditorio de Vilagarcía)

# MAGNUS LINDBERG

## COMPOSITOR EN RESIDENCIA

Naceu en Helsinki en 1958. Tras estudar piano, ingresou na Academia Sibelius da súa cidade natal, formándose en composición con Einojuhani Rautavaara e Paavo Heininen. Este último impulsou o seu estudantado a superar as estéticas conservadoras e nacionalistas finesas para explorar as vangardas europeas. Como resultado, arredor de 1980, Lindberg fundou con Hämeeniemi, Kaipainen, Kaija Saariaho e Esa-Pekka Salonen o grupo Ears Open Society, co obxectivo de fomentar unha maior apertura cara ao modernismo internacional. En 1981 trasladouse a París para estudar con Vinko Globokar e Gérard Grisey, ademais asistiu ás clases de Franco Donatoni en Siena e contactou con Brian Ferneyhough, Helmut Lachenmann e York Höller.

O seu salto cualitativo como compositor chegou coas obras de gran formato *Action-Situation-Signification* (1982) e *Kraft* (1983-85). Estas pezas naceron vinculadas á creación, xunto con Esa-Pekka Salonen, do colectivo experimental Toimii Ensemble no que Lindberg tocaba o piano e a percusión. O conxunto funcionou como un laboratorio crucial para o seu universo sonoro, caracterizado entón pola complexidade, o primitivismo e o traballo cos extremos do material musical.

A finais dos oitenta, a súa linguaxe evolucionou cara a un novo clasicismo moderno. Nel, elementos comunicativos fundamentais como a harmonía, o ritmo, o contrapunto e a melodía son reinterpretados desde unha perspectiva contemporánea na era posterior ao serialismo. Obras clave nesta transición son o tríptico *Kinetics* (1988), *Marea* (1989-90) e *Joy* (1989-90), que culminaron nas celebradas *Aura* (1993-94) e *Arena* (1994-95).

Consolidado como unha das figuras máis influentes da composición orquestral contemporánea, o seu catálogo inclúe a obertura *Feria* (1997), *Fresco* (1997), *Cantigas* (1999), o *Concerto para orquestra* (2002-03) e a monumental *Sculpture* (2005). Así mesmo, destacan a súa primeira creación coral-orquestral, *GRAFFITI* (estreada en Helsinki en 2009), e *Tempus fugit* (2017), composta para conmemorar o centenario da independencia de Finlandia. As súas pezas son encargos das principais formacións do mundo: Filharmónica de Berlín (*Seht die Sonne*, 2007, baixo a dirección de Simon Rattle),



Sinfónica de San Francisco, Concertgebouw de Ámsterdam (*Era*, 2012, polo seu 125 aniversario) e Sinfónica de Chicago (*Serenades*, 2020).

Ademais, conta cunha destacada produción para solistas de primeiro nivel que inclúe pezas para clarinete (2002), dous concertos para violoncello (1999 e 2013) e dous concertos para violín, o segundo deles (2015) escrito para Frank Peter Zimmermann. Na súa produción para teclado destacan o *Concerto para piano núm. 2*, interpretado por Yefim Bronfman, e o *Concerto para piano núm. 3*, estreado por Yuja Wang. Entre as súas creacións máis recentes figuran o tríptico para soprano e orquestra *Accused* e un concerto para viola (2024) composto para Lawrence Power.

Lindberg desenvolveu residencias coa Filharmónica de Nova York (2009-12) —onde presentou a obra orquestral *Al largo*—, coa Orquestra Sinfónica da Radio SWR de Stuttgart (2011-12) e coa Filharmónica de Londres (2014-17). A súa música foi rexistrada por selos de referencia como Deutsche Grammophon, Sony, Ondine, Da Capo e Finlandia. Ten recibido galardóns de máxima relevancia internacional, entre os que destacan o Prix Italia (1986), o Nordic Music Prize (1988), o Koussevitzky Prize (1988), o Royal Philharmonic Society Prize (1992) e o Wihuri Sibelius Prize (2003).

### ESPÍRITO INDOMABLE

**XOV 5 NOV** Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

**VEN 6 NOV** Pontevedra  
(Teatro Afundación)

### DIRECCIÓN FUTURA

**XOV 10 DEC** Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

### PAISAXES DA ALMA

**XOV 25 FEB** Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

**VEN 26 FEB** Ferrol (Auditorio de Ferrol)

### OBRADOIRO DE COMPOSICIÓN

#### RFG / RESIS.LAB IV

**VEN 21 MAI** Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

# CÉSAR RAMOS

## DIRECTOR ASISTENTE

César Ramos é un director de orquestra cubano, gañador do Rudi Martinus van Dijk Conductor's Prize 2025, do Orchestra Award 2025 da Bodensee Philharmonie Konstanz, e semifinalista da cuarta Antal Doráti Conducting Competition. Actualmente é director da Pulcinella Orchestra nos Países Baixos e director asistente da Real Filharmonía de Galicia para a tempada 2026–2027.

Formouse musicalmente en Cuba e continuou o seu desenvolvemento nos Países Baixos no Máster Nacional en Dirección de Orquestra (NMO) con Jac van Steen, Ed Spanjaard e Antony Hermus. A súa formación culminou na Tonhalle Conducting Academy de Zurich, onde traballou con Paavo Järvi e a Tonhalle-Orchester Zürich. Ademais, recibiu clases maxistras de Lorenzo Viotti, Johannes Schlaefli, Tianyi Lu e Otto Tausk.

Recentemente debutou no Reino Unido coa Ulster Orchestra e BBC Radio 3, e dirixiu orquestras como a Residentie Orkest, a Noord Nederlands Orkest e Het Balletorkest, en colaboración co Nederlands Dans Theater. Así mesmo, traballou como director asistente coa Royal Concertgebouw Orchestra, a Radio Filharmonisch Orkest e a Orquestra Nacional de Bélxica, entre outras formacións. Con anterioridade, fora director asistente da Orquestra Sinfónica Nacional de Cuba.

O traballo con orquestras novas ocupa un lugar central no seu compromiso co futuro da música clásica. Foi director asistente da National Youth Orchestra of the Netherlands nas súas xiras de inverno e verán de 2025, así como da Ulster Youth Orchestra durante o seu curso de verán de 2024. Tamén é convidado con regularidade a traballar co estudantado dos conservatorios de Ámsterdam e A Haia.

Comprometido coa creación contemporánea e cos proxectos interdisciplinares, César Ramos cofundou Ensemble Habana XXI, e lidera iniciativas que conectan a música contemporánea cubana co teatro, a danza e os medios audiovisuais.



# CONCERTOS (EN)FOCO XACOBEO

Co apoio do Xacobeo 2027 – Xunta de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia presenta unha nova edición do ciclo (EN)FOCO: catro concertos nas noites dos venres concibidos como unha invitación a explorar novas paisaxes sonoras e outras maneiras de vivir a experiencia musical.

Nun formato próximo, dinámico e de pouco máis dunha hora de duración, o ciclo abre un diálogo entre estilos, épocas e sensibilidades diversas. A programación reúne catro propostas singulares: *Unha noite de tango*, *O maquinista da Xeneral* —coa proxección do filme acompañada de música en directo—, *Rufus Wainwright e a RFG*, *Michel Camilo e a RFG*. Un percorrido que transita entre a emoción cinematográfica, o jazz, o tango e as músicas do mundo, sempre desde a conexión entre tradición e contemporaneidade.

(EN)FOCO mantén a súa vontade de crear novos espazos de relación co público: unha porta de entrada para quen se achega por primeira vez á orquestra e, ao mesmo tempo, unha oportunidade para seguir descubrindo repertorios e experiencias diferentes da man da Real Filharmonía de Galicia.

Ao remate de cada concerto, a cafetería Lasso do Auditorio converterase en lugar de encontro para prolongar a experiencia e compartir impresións nun ambiente distendido.

As entradas poderán adquirirse individualmente para cada unha das propostas e, para quen queira vivir o ciclo completo, a Real Filharmonía de Galicia ofrece tamén un abono especial (EN)FOCO que inclúe os catro concertos.

## (EN)FOCO 1 XACOBEO UNHA NOITE DE TANGO

→ VEN 16 OUT Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

## (EN)FOCO 2 XACOBEO THE GENERAL (O maquinista da Xeneral)

→ VEN 20 NOV Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

## (EN)FOCO 3 XACOBEO RUFUS WAINWRIGHT E RFG

→ VEN 12 MAR Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

## (EN)FOCO 4 XACOBEO MICHEL CAMILO E RFG

→ VEN 16 ABR Santiago de Compostela  
(Auditorio de Galicia)

### ENTRADAS SOLTAS

→ Entradas soltas: 20 €

→ Abono 4 concertos (EN)FOCO: 68 €

REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA

2026/27

**SETEMBRO**  
**2026**

# CONCERTOS NOS BARRIOS

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**

César Ramos, director

**Wolfgang Amadeus Mozart:** Sinfonía núm. 1 en Mi b maior, KV 16

**Fanny Mendelssohn-Hensel:** Abertura en Do maior

**Georges Bizet:** Sinfonía núm. 1 en Do maior (1º mov.)

**Gioachino Rossini:** Abertura d'O barbeiro de Sevilla

**Franz Joseph Haydn:** Sinfonía núm. 94 en Sol maior «A sorpresa» (4º mov.)

A música sinfónica volve percorrer os diferentes barrios de Santiago coa nova edición dos Concertos nos Barrios, unha iniciativa coa que a Real Filharmonía de Galicia sae do Auditorio para estreitar lazos coa cidadanía. De carácter gratuíto e conducidos polo novo director asistente, César Ramos, estes encontros ofrecen unha oportunidade para descubrir de maneira próxima e accesible os grandes eixes da tempada da orquestra. A través dun formato comentado e próximo ao público, a RFG procura derrubar as barreiras invisibles que ás veces afastan a música clásica da cidadanía e reivindicar a súa capacidade para emocionar, conectar e formar parte da vida colectiva.

Unha proposta que aposta pola proximidade, a conversa e o acceso á cultura como ferramentas para construír unha comunidade máis participativa e culturalmente activa.

**MÉR 16 SET (Entrada libre)**

Casa das Máquinas, 20.00 h

**XOV 17 SET (Entrada libre)**

Igrexa de Santa María da Mercé de Conxo, 20.00 h

**VEN 18 SET (Entrada libre)**

Centro Comercial Área Central (Fontiñas), 20.00 h

**SÁB 19 SET (Entrada libre)**

Igrexa de Santo Agostiño, 20.00 h

# SENSOXENOMA26 V ANIVERSARIO

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA E BANDA MUNICIPAL  
DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**PROGRAMA SORPRESA**

Música e ciencia volven darse a man na quinta edición de Sensoxenoma, un proxecto pioneiro que investiga o impacto da experiencia musical na saúde e no benestar das persoas. Impulsado polo Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS), en colaboración coa Real Filharmonía de Galicia e coa participación da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, o proxecto volverá converter o Auditorio de Galicia nun espazo de encontro entre investigación e creación artística. A través desta singular alianza entre arte e ciencia, afóndase no estudo dos efectos da música sobre o organismo e a saúde cerebral, abrindo novas vías de coñecemento nun ámbito de gran proxección. Os resultados obtidos ao longo das edicións anteriores reforzan o potencial transformador

da música e consolidan unha liña de traballo que sitúa Galicia na vangarda da investigación internacional. Sensoxenoma constitúe tamén un exemplo do valor da colaboración entre institucións científicas, culturais e sociais, demostrando como a suma de coñecementos e sensibilidades pode contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas e a fortalecer o papel da cultura como ferramenta de transformación social.

**VEN 25 SET, 19.30 h**

Auditorio de Galicia  
Entrada de balde, previa retirada de convites (máx. 2 por persoa)



REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA

2026/27

**OUTUBRO**  
**2026**

# MEMORIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Katrin Wundsam, mezzosoprano

Luciano Berio: Folk Songs

Gustav Mahler: Sinfonía núm. 4 en Sol maior

ABONO RFG

**XOV 1 OUT (18€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19.15 h

**VEN 2 OUT**

Auditorio de Ferrol,  
20.00 h

A tempada ábrese cun convite ao diálogo entre a música do século XX e o folclore de distintas latitudes a través de *Folk Songs*, unha das pezas máis fascinantes do compositor italiano Luciano Berio. Comprometido politicamente, mestre de compositores e profesor en Harvard, Berio escribiu en 1964 esta partitura para a extraordinaria versatilidade da cantante Cathy Berberian. Desde entón, a obra converteuse nun desafío para grandes intérpretes como a mezzosoprano Katrin Wundsam, quen reaparece na segunda parte do concerto coa *Sinfonía núm. 4* de Gustav Mahler, unha das súas creacións máis luminosas e celebradas. Lonxe das dimensións colosais doutras sinfonías, Mahler procura aquí unha maior transparencia orquestral, próxima á tradición clásica dos catro movementos. Rematada en 1900, en pleno vórtice da súa actividade como director da Ópera de Viena, a obra transita desde a inquietante danza da morte do segundo movemento ata un Finale, *Apracible*, que evoca unha visión idealizada do paraíso, na que a soprano canta finalmente o lied que deu orixe a toda a obra.

# NOSTALXIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

César Ramos, director

Heitor Villa-Lobos: Bachiana brasileira núm. 9

Maurice Ravel: Le tombeau de Couperin

Darius Milhaud: Le boeuf sur le toit

Henri Duparc: Aux Étoiles (Poème nocturne)

Georges Bizet: Sinfonía en Do

ABONO RFG

**XOV 8 OUT (15€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

César Ramos

Sala Mozart, 19.15 h

**MÉR 7 OUT**

Teatro Afundación, 20.00 h  
Vigo

As conexións musicais entre Brasil e Francia trazan o fío deste programa dirixido polo mestre cubano César Ramos, novo director asistente da Real Filharmonía de Galicia. O concerto ábrese coa *Bachiana brasileira* núm. 9 de Heitor Villa-Lobos, na que o compositor carioca funde o espírito popular co contrapunto de Bach nunha das sínteses máis orixinais do século XX. Maurice Ravel volveu tamén a mirada cara ao pasado en *Le Tombeau de Couperin*, homenaxe á elegancia do barroco francés escrita baixo a pegada da Gran Guerra. Neses mesmos anos, Darius Milhaud descubría en Río de Janeiro unha fonte de inspiración na música popular: *Le boeuf sur le toit* reúne distintas formas musicais brasileiras nun exuberante rondó cheo de vitalidade. O programa continúa con *Aux Étoiles*, de Duparc, delicado poema sinfónico salvado da destrución á que o compositor condenou boa parte da súa obra. Pecha o concerto a *Sinfonía en Do* de Georges Bizet. Escrita cando o compositor contaba apenas dezasete anos, revela unha madurez sorprendente, especialmente no *Andante*, marcado polo lirismo do óboe.

Coa participación do estudiantado da EAEM

## (EN)FOCO 1 XACOBEO

# UNHA NOITE DE TANGO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Matteo Dal Maso, director

Sofía Ros, acordeón

Óscar Cobos e Antía Barcia, danza

Astor Piazzolla: Libertango

Astor Piazzolla: Chiquilín de Bachín

Astor Piazzolla: Five Tango Sensations (selección)

Astor Piazzolla: Las cuatro estaciones porteñas (selección)

Astor Piazzolla: Concerto para bandoneón «Aconcagua» (selección)

ABONO (EN)FOCO

VEN 16 OUT (20€)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

Piazzolla protagoniza este primeiro (EN)FOCO da tempada. Se hai un nome que evoca con forza a música arxentina é o deste compositor que revolucionou o tango: demasiado audaz para os ortodoxos do xénero e excesivamente arrabaldeiro para os puristas. Fillo de inmigrantes italianos, recibiu do seu pai un bandoneón que aprendeu a tocar de maneira autodidacta durante a súa infancia en Nova York, onde coñeceu a Carlos Gardel. Desá etapa herdou o gusto polo jazz e, dos anos en París, o coñecemento da tradición europea. Incomprendido durante décadas polos sectores máis tradicionais do tango, o recoñecemento chegoulle nos anos finais da súa vida. Poucas obras ilustran mellor esta evolución que *Las cuatro estaciones porteñas*, nas que o compositor evoca o pulso e a atmosfera de Bos Aires. *Libertango* sintetiza os dous principios que guiaron a súa traxectoria: liberdade e tango. *Five Tango Sensations*, escrita tras unha grave enfermidade, amosa unha dimensión máis íntima e vital do compositor; mentres que o *Concerto Aconcagua*, coroado por un final de gran forza expresiva, ten un carácter case testamentario, como a última obra que gravou.

## CONCERTOS DIDÁCTICOS

# O BOSQUE DE GRIMM

(Estudantado do 1º ciclo de primaria)

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

LA MAQUINÉ, compañía de teatro

Joaquín Casanova e Elisa Ramos, creación

Joaquín Casanova, director da obra, espazo escénico, iluminación e proxeccións

Elisa Ramos e Maite Campos, intérpretes

José López-Montes, adaptación musical e director

Música: Maurice Ravel

XOV 29 OUT

Auditorio de Galicia, 10.00 h e 12.00 h (Para centros educativos)

VEN 30 OUT

Auditorio de Galicia, 10.00 h e 12.00 h (Para centros educativos)

SÁB 31 OUT (5€)

Auditorio de Galicia, 18.00 h (Concerto familiar)

La Maquiné presenta *O bosque de Grimm*, un espectáculo inspirado no universo dos contos de fadas recompilados por Charles Perrault e os irmáns Grimm, que toma como punto de partida a delicada suite *Ma mère l'Oye (Miña nai a Oca)* de Maurice Ravel. Interpretada con orquestra en directo, a proposta combina teatro xestual, monicreques e vídeo nunha experiencia escénica pensada para público infantil e familiar a partir dos cinco anos.

A través da música de Ravel —concibida como unha evocación poética dos relatos da infancia— o espectáculo percorre algúns dos contos tradicionais máis coñecidos e transmitidos de xeración en xeración, como *Carapuchiña Vermella*, *Polgariño*, *Brancaneves* ou *A Cincenta*. Cada peza musical constrúe atmosferas e imaxes que mergullan o público nun bosque cheo de fantasía, misterio e emoción.

REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA

2026/27

**NOVEMBRO**  
**2026**



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

# ESPÍRITO INDOMABLE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director  
Roman Simovic, violín

Magnus Lindberg: Concerto para violín núm. 1  
Antonín Dvořák: Sinfonía núm. 7 en Re menor, Op. 70, B.141

ABONO RFG

XOV 5 NOV (18€)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann  
Sala Mozart, 19.15 h

VEN 6 NOV

Teatro Afundación,  
Pontevedra, 20.30 h

Chega a primeira obra do compositor en residencia desta tempada, o finés Magnus Lindberg, unha figura esencial na renovación da música sinfónica das últimas décadas. A súa traxectoria evoluciona do experimentalismo inicial cara a un clasicismo depurado, sempre atravesado por unha poderosa enerxía expresiva. Herdeiro do impulso sinfónico do seu compatriota Sibelius, Lindberg destaca polo seu dominio da tensión melódica e pola creación de paisaxes sonoras en constante transformación tímbrica, como amosa o *Concerto para violín núm. 1*, unha obra de gran virtuosismo e intensa luminosidade sonora. Ese mesmo horizonte expresivo percorre tamén a *Sinfonía núm. 7* de Dvořák, composta en 1885 e considerada a peza máis profunda do compositor checo. A tonalidade de Re menor impregna a partitura dunha atmosfera sombría que transita, ao longo dos seus catro movementos, cara a un *Finale* en Re maior de marcado alento patriótico marcado polo desexo de liberdade.

Coa participación do estudiantado da EAEM



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

# CONTRAFACUM

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jordi Francés, director  
Eva Gevorgyan, piano

Josep Planells: Contrafactum (Encarga da RFG. Estrea absoluta)  
Sergei Rachmaninov: Concerto para piano e orquestra núm. 1  
Jean Sibelius: Sinfonía núm. 5 en Mi bemol maior, Op. 82

ABONO RFG

XOV 12 NOV (18€)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

CONVERSANDO CON...

Jordi Francés e Eva Gevorgyan  
Sala Mozart, 19.15 h

VEN 13 NOV

Auditorio de Ferrol,  
20.00 h

Josep Planells regresa aos atrás da RFG como compositor coa estrea absoluta de *Contrafactum*, unha partitura baseada en pezas de órgano de Cabanilles nun diálogo entre estéticas separadas por séculos. O concerto marca tamén a primeira aparición da artista en residencia da tempada, a novísima pianista Eva Gevorgyan, protagonista do *Concerto para piano núm. 1* de Rachmaninov. Composto baixo a influencia de Grieg e Chaikovski e revisado en 1917, a obra conserva a frescura da súa xuventude, coa voluptuosidade melódica e a riqueza harmónica características do compositor ruso. Nesa mesma Europa en guerra, Sibelius consolidaba unha voz persoal capaz de unir a tradición centroeuropea coa paisaxe e a mitoloxía nórdicas. Estreada en 1915 co compositor á batuta, a súa *Quinta Sinfonía* desprende unha enerxía expansiva e un alento épico que a converteron nun dos grandes cumios do sinfonismo do século XX.

Coa participación do estudiantado da EAEM





## (EN)FOCO 2 XACOBEO CINEUROPA: THE GENERAL (O maquinista da Xeneral)

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Timothy Brock, director

Proxección do filme coa música en directo

*The General*, 1926 (*O maquinista da Xeneral*)

Directores do filme: Buster Keaton e Clyde Bruckman

Música: Timothy Brock (2005)

ABONO RFG

XOV 19 NOV (20€)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

ABONO (EN)FOCO

VEN 20 NOV (20€)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

Timothy Brock volve a Santiago para protagonizar unha das citas imprescindibles co cinema mudo. Nesta ocasión, poñerase á fronte da banda sonora que compuxo en 2005 para *O maquinista da Xeneral*, a obra mestra de Clyde Bruckman e Buster Keaton. Ante a ausencia de indicacións musicais do cineasta, Brock creou unha partitura completamente nova, inspirada no universo sonoro dos anos vinte e construída a partir de himnos, foxtrots, vales e outras músicas conservadas en arquivos históricos. O compositor procura recrear como podería soar en 1926 a música desta película, trasladando á orquestra toda a enerxía das célebres persecucións ferroviarias e recuperando, ao mesmo tempo, os xeitos interpretativos propios da época. Así, a música recupera a autenticidade dunha linguaxe sonora hoxe practicamente desaparecida.

Coa participación do estudiantado da EAEM

## CICLO DE LIED ALBORES

Kateryna Kasper, soprano

Ensemble ADOC

Mariña García Bouso, violín barroco

Tiago Matías, guitarra romántica

Marta López, clave

Obras de Christoph Willibald Gluck, Wolfgang Amadeus Mozart, Maria Theresa von Paradis, Ferdinando Carulli, Mauro Giuliani e Moritz Hauptmann

ABONO RFG

XOV 26 NOV (15 €)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

A proposta da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela, da man de Kateryna Kasper e un ensemble formado para a ocasión, é unha viaxe polos horizontes do lied, o xénero que reúne poesía e música nun diálogo íntimo e imperecedeiro. A través dunha instrumentación historicista, o concerto amosa a rica transición musical entre os séculos XVIII e XIX. A reforma dramática de Gluck e a xenialidade teatral de Mozart dialogan coa sensibilidade romántica temperá de Maria Theresa von Paradis. En paralelo, o papel crucial da guitarra en Viena e París da man de Carulli e Giuliani, que converteron as cordas pulsadas nun soporte vocal tan expresivo e portátil coma o teclado. Coa madurez formal de Hauptmann péchase un percorrido que celebra a evolución da canción, transformando a música de cámara nun espello directo dos afectos e da alma humana.



REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA

2026/27

**DECEMBRO**  
**2026**

# LEMBRANDO OS CLÁSICOS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Sergey Malov, violín, violoncello *da spalla* e director

Wolfgang Amadeus Mozart: Sinfonía núm. 1 en Mi bemol maior, KV. 16

Johann Sebastian Bach: Concerto para violín en Sol menor (reconstrución)

Luigi Boccherini: Concerto para violoncello en Re maior (con violoncello *da spalla*)

Wolfgang Amadeus Mozart: Sinfonía núm. 41 en Do maior, KV. 551, «Xúpiter»

**MÉR 2 DEC**

Teatro Afundación, 20.00 h  
Vigo

**VEN 4 DEC**

Círculo das Artes, 20.00 h  
Lugo

ABONO RFG

**XOV 3 DEC (18€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h  
CONVERSANDO CON...

Sergey Malov  
Sala Mozart, 19.15 h

Este programa revisita, cun enfoque historicista, obras do canon sinfónico, con Sergey Malov como director e intérprete de violoncello *da spalla*, unha sorte de instrumento máis pequeno, de son diáfano e hipnótico, do que é un gran virtuoso. Mozart, tamén xenio precoz, compuxo a súa *Sinfonía núm. 1* con só oito anos como exercicio de aprendizaxe. O *Concerto para violín en Sol menor* de Bach chega a nós despois dun labor detectivesco de recuperación. O seu segundo movemento gravita sobre unha das melodías máis inspiradas do autor, que volve utilizar na *Cantata 156*. O programa complétase co *Concerto para violoncello en Re maior* de Boccherini, cheo de vitalidade e lirismo. Pecha a *Sinfonía núm. 41 «Xúpiter»* de Mozart, escrita nunha etapa de máxima complexidade creativa e de enorme esixencia técnica. Se Mozart chegou a escoitala ou non, continúa sendo un misterio.

# DIRECCIÓN FUTURA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Magnus Lindberg: Arena (Estrea en España)

Manuel de Falla: El sombrero de tres picos, Suite núm. 1

Johannes Brahms: Sinfonía núm. 4 en Mi menor, Op. 98

ABONO RFG

**XOV 10 DEC (15€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann  
Sala Mozart, 19.15 h

Baixo a titoría do director artístico e titular Baldur Brönnimann, recoñecido pola súa implicación na formación de novas xeracións de directoras e directores —especialmente á fronte do Programa de Dirección Contemporánea da Academia de Lucerna—, a Real Filharmonía de Galicia reafirma o seu compromiso coa educación musical e o apoio aos novos talentos.

Nesta tempada, coincidindo coa pausa na convocatoria de director/a asistente, a RFG impulsa un curso internacional de dirección que atraerá candidaturas de todo o mundo. Oito participantes serán seleccionados para traballar coa orquestra e adquirir experiencia práctica nun concerto público.

O repertorio inclúe *Arena* de Magnus Lindberg, escrita orixinalmente para un concurso de dirección, xunto á *Suite núm. 1* de *El sombrero de tres picos* de Falla e á *Sinfonía núm. 4* de Brahms, tres obras de linguaxes e esixencias interpretativas moi distintas que permitirán ás persoas participantes desenvolver o seu propio perfil artístico.

Coa participación do estudiantado da EAEM



# CANTAMOS DE PELÍCULA!

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Javier Fajardo, director

Peque coro *In Crescendo* (Catuxa Pita Evia, directora)

Proxecto participativo coros xuvenís de Galicia

Danny Elfman: Introducción e Danza do xeo de *Eduardo Mans Tesoiras*

John Williams: Suite de *Harry Potter*; *Harry Potter e o prisioneiro de Azkaban*; Cancións de Nadal de *Só na casa*

Popular:

Paxariños que voades (Arr. Nemesio García Carril / Peter Hope)

Canto de berce para unha princesa negra (Arr. Peter Hope)

Vinde, vinde (Arr. Peter Hope)

E rorro, rorro, meu neno (Arr. Peter Hope)

ABONO RFG

**XOV 17 DEC (15€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

Javier Fajardo

Sala Mozart, 19.15 h

**VEN 18 DEC (15€)**

Auditorio de Galicia,  
20.00 h

Nesta tempada, o proxecto participativo coral *Cantamos!* propón unha viaxe entre a música de cinema e a canción popular a través dos arranxos de Peter Hope. O programa percorre os universos máxicos e evocadores de compositores como Danny Elfman e John Williams, autores de bandas sonoras inesquecibles para filmes como *Eduardo Mans Tesoiras* ou *Harry Potter*. A viaxe conclúe en Galicia con cancións tradicionais como *Paxariños que voades* e *Vinde galeguiños*, melodías que forman parte da nosa memoria colectiva e que a Real Filharmonía de Galicia quere seguir mantendo vivas a través do canto compartido.

Proxecto en colaboración con:



Amigos da Ópera  
de Santiago de  
Compostela



Federación de Coros  
De Galicia

Coa participación do estudiantado da EAEM

# MEMORIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA 2026/27

REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA

2026/27

# XANEIRO 2027



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

## CONCERTO DE REIS O CREBANOCES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

César Ramos, director

Lorena Conde, dramaturxia e dirección de escena

Xosé Manuel Esperante, actor

Carla Mojón, actriz

Piotr Ilich Chaikovski: O crebanoces (selección)

ABONO RFG

**MAR 5 XAN (15€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**MÉR 6 XAN (15€)**

Auditorio de Galicia, 18.00 h

Como xa é tradición na Real Filharmonía de Galicia, o concerto de Reis mergúllanos no universo fantástico da infancia a través da música para ballet. Nesta ocasión, faino con *O crebanoces* de Chaikovski quen, malia a súa angustia existencial, atopou no ballet o territorio ideal para despregar a súa extraordinaria capacidade melódica e o seu sentido orquestral único. Inspirado no mundo imaxinativo de E. T. A. Hoffmann, a obra estreouse en 1892, e transforma un conto de Nadal nunha viaxe chea de cor, fantasía e riqueza orquestral. A delicadeza da *Danza da Fada de Azucre*, co son da celesta —instrumento case descoñecido daquela—, o fulgor do *Valse das flores* e a imaxinación tímbrica das súas danzas converteron este ballet nun clásico universal. A través da dramaturxia de Lorena Conde, acompañaremos a Clara, a nena que recibe un crebanoces na noite de Nadal e que, tras durmir, inicia unha travesía máxica cara ao País dos Doces, nun soño que permanecerá suspendido para sempre entre a infancia e a fantasía.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

## ENTRE DOUS TEMPOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Iria Folgado, óboe

Caroline Shaw: *Entre'acte* (Estrea en España)

Richard Strauss: Concerto para óboe en Re maior, Op. 144, TrV 292

Emilie Mayer: Sinfonía núm. 5 en Fa menor

ABONO RFG

**XOV 21 XAN (18€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann e Iria Folgado

Sala Mozart, 19.15 h

**VEN 22 XAN**

Teatro Principal, 20.00 h

Ourense

Caroline Shaw abre o concerto con *Entre'acte*, unha peza concibida como homenaxe a Haydn e ao seu *Cuarteto núm. 2*. Cunha linguaxe esencial e cristalina, Shaw revisita fragmentos do pasado desde unha sensibilidade plenamente contemporánea, convertendo a memoria musical no eixe da creación. Ese diálogo coa memoria percorre tamén o *Concerto para óboe* de Richard Strauss, escrito tras a Segunda Guerra Mundial para un soldado mutilado que antes fora un virtuoso do instrumento. Lonxe da devastación recente, Strauss constrúe unha obra de luminosidade serena, considerada unha das grandes partituras para óboe do século XX. Pecha o programa a *Sinfonía núm. 5* de Emilie Mayer, unha das grandes figuras esquecidas do Romanticismo alemán. A música converteuse para ela nun refuxio tras a morte do seu pai, e a súa obra, admirada no Berlín do seu tempo, regresa hoxe ás salas de concerto como parte dunha memoria musical durante demasiado tempo silenciada. Composta en 1855, esta sinfonía destaca pola súa enerxía melódica e solidez formal.



# CONCERTOS DIDÁCTICOS FARÖ

(Estudantado do 2º ciclo de primaria)

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**  
**LA MAQUINÉ, compañía de teatro**

Dramaturxia e dirección: Joaquín Casanova e Elisa Ramos

Música: Claude Debussy e outros compositores

Adaptación musical e arranxos: José López-Montes

Deseño de escenografía, iluminación e proxeccións:  
Joaquín Casanova

Deseño de vestiario: Elisa Ramos

Deseño de monicreques e máscaras: Elisa Ramos e  
Joaquín Casanova

Realización de escenografía, monicreques, máscaras e  
obxectos: Joaquín Casanova, Elisa Ramos e Carlos Monzón

Realización de vestiario: Vanessa Cañaverl

Intérpretes: Elisa Ramos, Ángela Cáceres e Noé Lífona

## **XOV 28 XAN**

**Auditorio de Galicia, 10.00 h e 12.00 h** (Para centros educativos)

## **VEN 29 XAN**

**Auditorio de Galicia, 10.00 h e 12.00 h** (Para centros educativos)

## **SÁB 30 XAN (5€)**

**Auditorio de Galicia, 18.00 h** (Concerto familiar)

Nunha pequena illa no medio do océano vive Conta, un fareiro solitario que dedica a súa vida a coidar a Perla do océano, unha luz capaz de guiar os barcos na escuridade. Refuxiado na rutina e no control, mantense alleo a todo o que o rodea. Mais o mar insiste en achegarse a el a través de Lapa, unha foca curiosa; Pinza, un cangrexo que busca fogar; e o canto distante dunha balea. A chegada de Piti, un pequeno paxaro ferido, obriga a Conta a enfrontarse ás súas dificultades para coidar desde o afecto e non desde o control. Cando un accidente provoca a caída da Perla do océano ao mar e desata a tormenta, Conta emprende unha viaxe ás profundidades para recuperala. No interior da balea comprenderá que nin a luz nin el mesmo poden existir illados. Disposto a abrirse aos demais, e coa axuda de Lapa e Pinza, converterá a illa nun barco simbólico para rescatar a Piti e descubrirá que a verdadeira luz habita no seu propio interior.

# MEMORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27



REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA

2026/27

**FEBREIRO**  
**2027**

# SORPRESAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Patricia Kopatchinskaja, violín e dirección

Wolfgang Amadeus Mozart: Abertura de Don Giovanni

Felix Mendelssohn: Concerto para violín en Re menor  
(para orquestra de corda)

Ludwig van Beethoven: Abertura Coriolano

Franz Joseph Haydn: Sinfonía núm.  
94 en Sol maior, «A sorpresa»

## MÉR 3 FEB

Teatro Afundación, 20.00 h  
Vigo

ABONO RFG

## XOV 4 FEB (18€)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

### CONVERSANDO CON...

Patricia Kopatchinskaja  
Sala Mozart, 19.15 h

Patricia Kopatchinskaja, unha das intérpretes máis singulares e carismáticas do panorama musical actual, asume neste concerto a dobre condición de violinista e directora. Coñecida polas súas propostas escénicas pouco convencionais e por un repertorio violinístico de extraordinaria amplitude, traslada á dirección a experiencia acumulada xunto a algunhas das figuras máis destacadas da batuta contemporánea. A súa concepción da música, libre de convencións e profundamente persoal, maniféstase tamén na súa característica presenza en escena, á que acode descalza, como quen procura experimentar as vibracións do mundo. Esa intensidade expresiva percorre un programa que se inicia coa abertura *Coriolano* de Beethoven e a de *Don Giovanni* de Mozart, dúas pezas escritas en modo menor que condensan unha poderosa tensión dramática. O *Concerto para violín en re menor* de Mendelssohn, composto con apenas trece anos, destaca pola amplitude melódica, o refinamento harmónico e o virtuosismo da escrita solista. A velada conclúe coa *Sinfonía núm. 94* de Haydn, coñecida como *A sorpresa*. Estreada en 1792, a obra converteu o célebre golpe de efecto do seu segundo movemento nun dos xestos máis memorables e enxeñosos do Clasicismo.

Coa participación do estudiantado da EAEM

# CICLO DE LIED ANTES DO SILENCIO

Wiebke Lehmkuhl, mezzosoprano

Julius Drake, piano

Benjamin Britten: A Charm of Lullabies  
(Unha colección de arrosos), Op. 41

Johannes Brahms: Vier ernste Gesänge  
(Catro cancións serias), Op. 121

ABONO RFG

## XOV 11 FEB (15 €)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

Onde está a difusa fronteira entre o descanso, a escuridade e o final da vida? Britten mergúllanos no universo da infancia con *A Charm of Lullabies*, un ciclo que transita con xenialidade entre a dozura protectora e as sombras desacougantes do desvelo. A atmosfera vólvese evocadora da man de Johannes Brahms cunha selección das súas cancións dedicadas á noite e ao eterno descanso, *Vier ernste Gesänge*. Escritas cara á fin dos seus días, transforman o cansancio propio e do mundo nunha fonda meditación sobre o poder do amor mais tamén da fugacidade da vida e a inevitabilidade da morte.

AdOC  
Amigos da Ópera  
de Compostela

En colaboración con Amigos da Ópera  
de Santiago de Compostela



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

# A CUADRATURA DO CÍRCULO

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

**Perry So, director**

**Peter Moore, trombón**

Johann Sebastian Bach / Anton Webern: Ricercar a 6  
Deborah Pritchard: Light Circle (Estrea en España)  
Franz Schubert: Sinfonía núm. 9 en Do maior, D. 944, «A Grande»

ABONO RFG

**XOV 18 FEB (18€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

Perry So e Peter Moore

Sala Mozart, 19.15 h

Perry So, un dos directores emerxentes de maior proxección, propón neste programa unha viaxe pola memoria musical europea a través de distintas épocas e linguaxes sonoras. O concerto ábrese coa versión que Anton Webern realizou do *Ricercar* da *Ofrenda musical* de Bach, un fascinante diálogo arredor da precisión estrutural e do equilibrio sonoro. Imaxe e son conflúen dun modo singular na británica Deborah Pritchard, compositora sinestésica para quen cor e música forman parte dun mesmo universo expresivo. O seu concerto para trombón *Light Circle*, escrito para Peter Moore, destaca pola súa atmosfera hipnótica e intensidade tímbrica. Franz Schubert nunca chegou a escoitar a súa *Sinfonía núm. 9*, unha obra monumental que só viu a luz grazas ao entusiasmo de Robert Schumann e á batuta de Felix Mendelssohn. Durante anos foi considerada excesiva pola súa dimensión e dificultade, mais o tempo acabou por convertela nun dos grandes cumios do Romanticismo.

Coa participación do estudiantado da EAEM

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

# PAISAXES DA ALMA

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

**Julia Cruz, directora**

**Eva Gevorgyan, piano**

Magnus Lindberg: Absences (Estrea en España)  
Edvard Grieg: Concerto para piano en La menor, Op. 16  
Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 6 en Fa maior, Op. 68, «Pastorale»

ABONO RFG

**XOV 25 FEB (18€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

Julia Cruz e Eva Gevorgyan

Sala Mozart, 19.15 h


**VEN 26 FEB**

Auditorio de Ferrol, 20.00 h

**Ferrol**

Neste concerto conflúen as figuras do compositor e da intérprete residentes baixo a dirección de Julia Cruz. *Absences*, de Magnus Lindberg, composta en 2020 a partir de materiais inspirados en Beethoven, explora a memoria musical mediante a cita e o diálogo entre linguaxes separadas por máis de dous séculos. Esa conversa coa tradición continúa no *Concerto para piano en La menor* de Grieg. Admirado no seu tempo como director, compositor e pianista, o músico noruegués reuniu nesta obra as tres facetas da súa personalidade artística, incorporando elementos do folclore escandinavo nunha escrita de extraordinaria riqueza melódica e expresiva. Pecha o programa a *Sinfonía núm. 6 «Pastorale»* de Beethoven, estreada o mesmo día que a súa célebre *Quinta Sinfonía*. Fronte ao dramatismo desta, a *Pastoral* desprende un carácter contemplativo e sereno. Composta nun período de crise existencial, a obra transforma a lembranza da natureza en materia sonora. A través dunha extraordinaria paleta orquestral, Beethoven evoca regatos, tormentas e cantos de paxaros: a fruta convértese en reiseñor, o óboe en paspallás e o clarinete en cuco.

Coa participación do estudiantado da EAEM



REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA 2026/27

**MARZO**  
**2027**

# CONCERTOS DIDÁCTICOS REINICIAR MEMORIA

(Estudantado da ESO e Bacharelato)

## REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

César Ramos, director

Miguel Ángel Cajigal «El Barroquista», narrador

Obras de Anna Meredith Nautilus, Ludwig van Beethoven,  
John Williams e Maurice Ravel

### XOV 4 MAR

Auditorio de Galicia, 11.00 h

(Para centros educativos de secundaria)

### VEN 5 MAR

Auditorio de Galicia, 11.00 h

(Para centros educativos de secundaria)

### SÁB 6 MAR (5€)

Auditorio de Galicia, 18.00 h

(Concerto familiar)

Que poden dicirle Beethoven, Shostakovich ou Ravel a alguén de quince anos hoxe? Que sensacións e recordos esperta a música dunha orquestra na adolescencia actual. A memoria non é algo inmóbil: mestúrase e soa diferente para cada xeración. *Reiniciar memoria* achega a música sinfónica á mocidade cunha mirada fresca e un pouco irreverente, para aprender a escoitar sen etiquetas nin prexuízos.

Coa participación do estudantado da EAEM

# (EN)FOCO 3 XACOBEO RUFUS WAINWRIGHT E RFG

## REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Rufus Wainwright, voz, guitarra e piano

Baldur Brönniman, director

Matt Johnson, batería

Want Symphonic

### ABONO (EN)FOCO

VEN 12 MAR (20€)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

Considerado por Elton John «o mellor compositor do planeta» e por David Bowie «un dos grandes autores da nosa época», Rufus Wainwright celebra o vixésimo aniversario dos seus álbums máis emblemáticos, *Want One* e *Want Two*, cun espectáculo sinfónico extraordinario. A Real Filharmonía de Galicia terá a sorte de presentar en España este singular proxecto.

*Want Symphonic* transforma estas cancións icónicas en exuberantes arranxos orquestrais creados por Sally Herbert e Max Moston, reunindo sobre o escenario a Rufus Wainwright, o batería Matt Johnson e a Real Filharmonía de Galicia.

O resultado é unha experiencia sonora única que amplifica a riqueza, a emoción e a teatralidade dun repertorio considerado esencial na música popular das últimas décadas. Unha viaxe musical intensa, elegante e profundamente emocionante da man dun dos artistas máis xenuíños e admirados do noso tempo.

# MÚSICA VIVA

## REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Johannes Moser, violoncello

Franz Joseph Haydn: A representación do caos  
(do oratorio A Creación)

Anna Thorvaldsdóttir: Before we fall (concerto para  
violoncello e orquestra) (Estrea en España)

Franz Schreker: Sinfonía de Cámara

ABONO RFG

**XOV 18 MAR (18€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

Baldur Brönnimann e Johannes Moser  
Sala Mozart, 19.15 h

**SÁB 20 MAR**

Palacio da Ópera, 20.00 h

**A Coruña**

O oratorio *A Creación* foi considerado a obra mestra dun Haydn que converteu esta partitura nunha auténtica profesión de fe. Inspirado nun texto atopado entre os papeis de Haendel, o preludio *A representación do caos* constitúe unha das páxinas máis audaces e inquietantes do Clasicismo: a súa estrea suscitou avalanchas de público, que se viron abrumadas pola modernidade da obra, rica en cores, texturas e contrastes tímbricos. Dous séculos despois, esa fascinación polos instantes de cambio e incerteza reaparece en *Before We Fall*, da compositora islandesa Anna Thorvaldsdóttir. A través dunha escritura hipnótica e dunha imaxinación tímbrica extraordinaria, a obra sitúanos ao bordo do abismo, nun espazo suspendido entre a inmovilidade e a transformación. Tamén para o director e compositor austríaco Franz Schreker a música foi unha forma de renacemento. Nas súas óperas e na *Sinfonía de Cámara*, escrita en 1916, condensa un universo romántico, impresionista e simbólico nun único movemento.

Coa participación do estudiantado da EAEM

# MEMORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27



REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA 2026/27

**ABRIL**  
**2027**

# LES BORÉADES: A FORZA DO VENTO

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

**Camille Delaforge, directora**

**Cyrille Dubois, tenor**

Jean-Philippe Rameau: Les Boréades (selección da ópera)

ABONO RFG

**XOV 1 ABR (15€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

Camille Delaforge

Sala Mozart, 19.15 h

**VEN 2 ABR**

Teatro Afundación, 20.00 h

**Vigo**

Jean-Philippe Rameau é «o maior xenio musical que produciu Francia», afirmou Camille Saint-Saëns, impulsor da súa recuperación. Contemporáneo de Bach e Haendel, Rameau foi un prolífico autor de motetes, cantatas, obras para clave e tratados teóricos que non se dedicou á ópera ata cumprir os cincuenta anos. Neste ámbito converteuse nunha figura tan admirada como polémica pola súa innovadora concepción do drama musical. Co tempo, chegou a adquirir tanto prestixio que Louis XV o nomeou compositor da corte en 1745. *Les Boréades* é a última das súas óperas, envolta desde a súa creación nunha sorte de maleficio. Baseada na lenda grega de Abaris o Hiperbóreo e atravesada por simbolismos que algúns relacionaron coa masonaría, a obra foi ensaiada na Ópera de París en 1763, mais nunca chegou a estrearse. As razóns continúan sendo obxecto de especulación: desde as tensións da corte ata a dificultade da partitura ou o carácter potencialmente subversivo da trama. O incendio do edificio da Ópera durante os ensaios contribuíu a envolver a obra nunha aura de misterio.

# O ENIGMA DO TEMPO

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

**Jonathan Bloxham, director**

Jay Capperault: O cranio de Bruckner (Estrea en España)

Joseph Haydn: Sinfonía núm. 92 en Sol maior, Hob. I:92, «Oxford»

Franz Schubert: A morte e a doncela (orquestración para cordas de Gustav Mahler)

ABONO RFG

**MÉR 7 ABR (15€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

Jonathan Bloxham

Sala Mozart, 19.15 h

**VEN 9 ABR**

Teatro Principal, 20.00 h

**Ourense**

O compositor escocés Jay Capperault inspírase na figura de Bruckner, cuxo corpo repousa na cripta situada baixo o grande órgano da abadía de San Florián, por expreso desexo seu. *O cranio de Bruckner*, estreada en 2025, parte da fascinación do músico austríaco pola morte e, en particular, das dúas supostas ocasións nas que sostivo os cranios de Beethoven e Schubert durante a exhumación dos seus restos en 1888. Outro fervente católico, Haydn, escribiu a *Sinfonía núm. 92* en 1789, cuxo alcume «Oxford» quedou fixo, aínda que a sinfonía fora escrita en realidade para ser interpretada en París. Esta obra é considerada como o cumio do sinfonismo haydniano e constitúe un exemplo da perfección formal dun Clasicismo que xa comezaba a esmorecer. Pecha o programa a versión realizada por Mahler d'*A morte e a doncela* de Schubert. A partir do célebre cuarteto, Mahler amplía as dimensións sonoras da obra e intensifica o seu dramatismo, afondando na atmosfera sombría e conmovedora que converteu esta páxina nunha das reflexións máis profundas sobre a morte de toda a historia da música.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

## (EN)FOCO 4 XACOBEO MICHEL CAMILO E RFG

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Clark Rundell, director

Michel Camilo, piano

Aaron Copland: Three Latin American Dances (núm. 2 e 3)

Michel Camilo: Suite para piano, cordas e arpa

Michel Camilo: Concerto para piano núm. 1

ABONO (EN)FOCO

VEN 16 ABR (20€)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

A fusión de distintas tradicións musicais une a dous músicos que atopan no ritmo o seu horizonte creativo: Copland, cunha enerxía inspirada no jazz, e Camilo, coa súa complexa pulsión afrocaribeña. Máis que un contraste de talentos, este concerto (EN)FOCO XACOBEO propón escoitar a música de Michel Camilo como herdeira da idea que tiña Copland: crear música «clásica» con raíz popular e pulso urbano. As pezas *Three Latin American Dances* nacen das viaxes de Copland e da súa fascinación pola música latinoamericana, á que rende homenaxe cunha obra chea de movemento, lirismo e cor. Pola súa banda, a *Suite para piano, cordas e arpa* de Michel Camilo mergúllase, ao longo dos seus catro movementos, nas tres identidades do músico dominicano —a latina, a clásica e a jazzística—, deixando entrever ademais o seu primeiro achegamento ao tango. O *Concerto para piano núm. 1*, de 1997, convértese nunha auténtica viaxe sonora: desde o primeiro movemento, evocador de paisaxes abertas e cinematográficas, ata un final de virtuosismo desbordante no que piano e orquestra brillan cunha forza electrizante.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

## MELODÍAS OCULTAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Eva Gevorgyan, piano

György Ligeti: *Melodien*

Piotr Ilich Chaikovski: Concerto para piano núm. 1, en Si bemol menor, Op. 23

Anton Arenski: Variacións sobre un tema de Chaikovski

Igor Stravinski: O bico da fada: Divertimento

ABONO RFG

XOV 22 ABR (18€)

Auditorio de Galicia, 20.00 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann

e Eva Gevorgyan

Sala Mozart, 19.15 h

VEN 23 ABR

Auditorio de Vilagarcía, 20.30 h

Vilagarcía

A música de György Ligeti ten novamente un lugar destacado nesta tempada con *Melodien*, un título que evoca a natureza da súa escrita, na que cada voz conserva un marcado perfil melódico. Nun único movemento, a peza flúe como un continuum no que irrupcións súbitas interrompen a transformación gradual do material musical, entre timbres metálicos e punzantes. Ese universo de tensión e contraste dá paso ao *Concerto para piano núm. 1* de Chaikovski. Composto en 1875, foi rexeitado polo seu dedicatario, Nikolai Rubinstein, quen se negou a estrealo. É unha partitura chea de melodías claras e brillantes, como a canción francesa do segundo movemento ou o tema ucraíno que inspira o final. A pegada de Chaikovski percorre tamén o resto do programa. Anton Arenski rendeulle homenaxe nas súas *Variacións sobre un tema de Chaikovski*, unha das obras máis celebradas do compositor ruso. Inspirado igualmente na súa música, Stravinski compuxo en 1928 o ballet *O bico da fada*, do que o *Divertimento* constitúe a suite orquestral. A fría acollida coa que foi recibido o ballet estristeceu a Stravinski e puxeron fin á súa amizade con Diaghilev, lendario fundador dos ballets rusos.

Coa participación do estudiantado da EAEM





REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

# TRAVESÍAS E MITOS

**ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**

**Roberto González Monjas, director**

**Dmitri Shishkin, piano**

Antonín Dvořák: Abertura *Otello*

Camille Saint-Saëns: Concerto para piano núm. 5,  
en Fa maior, Op. 103, «Exípcio»

Gustav Mahler: *Blumine*

Antonín Dvořák: *O trasgo da auga*

ABONO RFG

**XOV 29 ABR (15€)**

**Auditorio de Galicia, 20.00 h**

O home tranquilo que foi Dvořák —a quen só se lle coñeceron como vicios a súa paixón polos trens e polas pombas— verteu un vasto universo emocional nas súas obras. A abertura *Otello* canta o lado escuro do amor e desprende unha atmosfera sombriza na que os celos acaban por apagar as melodías máis líricas. *O trasgo da auga* transforma unha lenda popular nun relato de intensa carga dramática, no que a angustia da nai se expresa a través dun cromatismo confiado ao violín. A morte do meniño desintegra finalmente a música no silencio. Saint-Saëns compuxo o seu quinto e derradeiro concerto para piano durante unha estada en Luxor, onde atopou parte das inspiracións que percorren a partitura. Pianista virtuoso, foi tamén o solista da estrea desta obra, recoñecible pola súa brillantez e polo refinado exotismo que impregna especialmente o segundo movemento. Completa o programa *Blumine*, unha das páxinas máis enigmáticas de Gustav Mahler. Aínda que formou parte da versión orixinal da súa *Primeira Sinfonía*, o compositor decidiu retirala anos despois. A delicada melodía da trompeta anticipa xa a dimensión lírica e espiritual que caracterizaría o seu universo musical.

# MEMORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA 2026/27

**MAIO**  
**2027**

# BAILAMOS?

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jeannette Sorrell, directora

Marco Uccellini: La Bergamasca (arr. J. Sorrell)

Diego Ortiz: Recercada #1 sobre «La Spagna»

Diego Ortiz: Recercada #2 sobre «Passamezzo moderno»

Biagio Marini: Passacaglia

Marin Marais: Suite da ópera «Alcione» (ed. J. Sorrell)

Antonio Vivaldi: Ciaconna en Do (arr. J. Sorrell)

Georg Friedrich Händel: Suite de «Terpsichore» (Il pastor fido)

Antonio Vivaldi: La Follia (arr. J. Sorrell)

ABONO RFG

**MÉR 5 MAI (15 €)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**XOV 6 MAI**

Círculo das Artes, 20.00 h  
Lugo

**VEN 7 MAI**

Auditorio de Ferrol, 20.00 h  
Ferrol

*Bailamos?* corre a cargo da directora e arranxista Jeannette Sorrell, reputada especialista no repertorio antigo. A norteamericana destaca pola súa enerxía escénica, inspirada na súa persoal visión do concepto barroco do *Affekt* —a transmisión dos estados emocionais a través da música—. O programa ábrese con *La Bergamasca* de Marco Uccellini, unha danza elegante e sobria que figura entre as poucas obras conservadas do músico. Do compositor renacentista Diego Ortiz interprétase a *Recercada 1* sobre «*La Spagna*», lenta e refinada, e a do «*Passamezzo moderno*», rítmica e viva, como as *Passacaglia* de Biagio Marini, do que foi un excelso cultivador entre viaxes e matrimonios. Sorrell arranxa a suite de *Alcione* do cinematográfico Marin Marais, que dá paso a unha exuberante peza de baile de orixe española, a *Ciaconna en Do* de Vivaldi. Händel fixo en 1734 a súa persoal homenaxe á danza coa suite do ballet *Terpsichore*, levado polo furor que causaba en Londres a tradición da danza francesa. Para finalizar, todo un alarde: as 19 variacións que Vivaldi compuxo sobre unha música feita para danzar, *La Follia*.

# HORIZONTES INFINITOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Chloé van Soeterstède, directora

Fanny Mendelssohn: Obertura en Do M

Maurice Ravel: Ma Mère L'Oye (Suite)

Eduardo Soutullo: Das Eismeer (O mar de xeo)

Felix Mendelssohn: Sinfonía núm. 5 en Re maior, Op. 107, «Reforma»

ABONO RFG

**MÉR 12 MAI**

Teatro Afundación, 20.00 h  
Vigo

**XOV 13 MAI (15€)**

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

Chloé van Soeterstède  
Sala Mozart, 19.15 h

Fanny Mendelssohn foi unha compositora de extraordinario talento cuxa obra continúa a ser redescuberta. Durante moito tempo, parte da súa produción permaneceu eclipsada, e algunhas composicións chegaron mesmo a atribuírse ao seu irmán Felix. Os estudos máis recentes matizan unha imaxe deste autor plenamente favorable á difusión da música de Fanny e sinalan as reticencias que amosou cando ela decidiu publicar as súas obras co apelido do marido. Inspirándose en contos e relatos da infancia, Ravel compuxo *Ma Mère l'Oye* para piano a catro mans, unha obra que orquestrou en 1912 e converteu nun delicado universo de fantasía, cor e refinamento tímbrico. Tamén a natureza serve de punto de partida para *Das Eismeer*, do galego Eduardo Soutullo, inspirada no cadro homónimo de Caspar David Friedrich. Estreada en 2026, desprega unha poderosa forza expresiva a través de intensos contrastes e dunha rica paleta orquestral. Pecha o programa a *Sinfonía núm. 5* «Reforma» de Felix Mendelssohn, escrita na mesma etapa que as sinfonías Escocesa e Italiana. A menos coñecida das tres, viu comprometido o seu percorrido cando a orquestra prevista para a estrea a rexeitou. Baseada nun célebre coral de Lutero, Mendelssohn dirixiuna finalmente en 1832, mais nunca volveu interesarse por ela.

Coa participación do estudiantado da EAEM

# OBRADOIRO DE COMPOSICIÓN RFG / RESIS.LAB IV

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

**Ben Voce, director**

**Magnus Lindberg, profesor de composición**

**VEN 21 MAI (entrada de balde)**

**Auditorio de Galicia, 20.00 h**

Fiel á súa aposta pola creación contemporánea e polo impulso ás novas xeracións de compositoras e compositores, a Real Filharmonía de Galicia convoca a cuarta edición do Obradoiro de Composición RFG / RESIS.LAB. Esta consolidada iniciativa en alianza co Festival RESIS, ofrece a novos talentos a oportunidade excepcional de traballar durante unha semana cunha orquestra profesional, nun contexto de experimentación, diálogo e intercambio artístico. Baixo a dirección de Ben Voce e coa titoría do recoñecido compositor Magnus Lindberg, o obradoiro abrirá en outubro unha nova convocatoria internacional. De entre todas as partituras recibidas seleccionaranse seis obras, que serán traballadas en sesións de ensaio coa orquestra e presentadas finalmente nun concerto público e de balde. Para a Real Filharmonía de Galicia, esta iniciativa representa non só un espazo de formación e acompañamento artístico, senón tamén unha oportunidade privilexiada para descubrir novas voces e contribuír activamente ao futuro da creación musical contemporánea. Unha das experiencias máis estimulantes da tempada.

En colaboración co Festival **RESIS**

# A CARÓN

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

**Baldur Brönnimann, director**

**Bernhard Zachhuber, clarinete**

**Sérgio Pires, clarinete**

Wolfgang Amadeus Mozart: Concerto para clarinete en La maior, K.622

Helmut Lachenmann: Accanto (para clarinete, orquestra e cinta magnetofónica)

Dmitri Shostakovich: Sinfonía núm. 9 en Mi bemol maior, Op. 70

ABONO RFG

**XOV 27 MAI (18€)**

**Auditorio de Galicia, 20.00 h**

**CONVERSANDO CON...**

Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19.15 h

**VEN 28 MAI**

**Teatro Afundación, 20.30 h**

**Pontevedra**

Poucas obras encarnan mellor a memoria musical que o *Concerto para clarinete* de Mozart. Derradeira obra instrumental do compositor, foi escrita para un compañeiro de loxia masónica, e permaneceu durante décadas envolta nunha certa aura de misterio tras desaparecer o manuscrito orixinal. A súa escritura, de extraordinaria suavidade tímbrica, alcanza no *Adagio* e no luminoso *Rondó* final algunhas das páxinas máis inspiradas de Mozart. Como un diálogo aberto con esta obra escribiu Helmut Lachenmann *Accanto* en 1976. O título —«a carón»— expresa a vontade de situarse xunto á tradición sen renunciar á linguaxe da vangarda. Entre os característicos sons *lachenmannianos* emerxen fragmentos gravados do concerto mozartiano, convertendo a obra nunha reflexión sobre a escoita, a memoria e a permanencia do pasado na creación contemporánea. Un Shostakovich inusualmente despreocupado abre a *Sinfonía núm. 9*. Escrita en 1945 como parte da triloxía de guerra, despois dun primeiro tempo divertido e circense, o segundo movemento desprega un sobrio lirismo encabezado polo clarinete. Tras a lóbrega melodía do cuarto movemento, os sons alegres da trompeta conducen a un *galop* exultante e burlón que non puido senón decepcionar a un Stalin que agardaba unha obra de heroica pleitesía.

Coa participación do estudiantado da EAEM



REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA 2026/27

**XUÑO**  
**2027**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

# CANTAMOS!

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

Javier Fajardo, director

Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia

Coros participativos

Emilia Pérez, soprano

Guillermina Gallardo, mezzosoprano

Sergio Malvar, tenor

Lucas López, barítono

Wolfgang Amadeus Mozart:

- Abertura d'A Frauta Máxica

- Réquiem K 626

ABONO RFG

**XOV 3 XUÑ (15€)**

Concerto incluído nos Abonos A e C

Auditorio de Galicia, 20.00 h

**VEN 4 XUÑ (15€)**

Auditorio de Galicia,

20.00 h

**CONVERSANDO CON...**

Javier Fajardo, director

Sala Ángel Brage, 19.15 h


Mozart pecha a tempada con dúas obras compostas nos últimos meses da súa vida. *A frauta máxica* concentra os seus ideais masónicos: a tonalidade de mi bemol maior, as probas iniciáticas e os acordes da abertura conducen a un universo no que a luz triunfa sobre a escuridade. Un fermoso preámbulo para *o Réquiem*, a obra que a morte lle impediu concluír. Encargado para conmemorar o falecemento da condesa von Walsegg-Stuppach, Mozart deixou rematado *o Introito*, o esencial do Kyrie e boa parte das seccións centrais da misa, ademais de apenas oito compases do *Lacrimosa*. A súa viúva, Constanze, confiou a varios discípulos a tarefa de completar a partitura, labor que asumiu finalmente Franz Xaver Süssmayr. En 1993, Robert Levin realizou unha nova reconstrución da obra, tentando aproximarse á intención orixinal de Mozart. Sen que poidamos saber con certeza canto corresponde a cada man, *o Réquiem* converteuse nunha das creacións máis conmovedoras da historia da música. E se Mozart o deixou inacabado, a forza do canto concédelle finalmente a súa máis fermosa plenitude.

Proxecto en colaboración con:

**AdOC** Amigos da Ópera  
de Santiago de  
Compostela



Federación de Coros  
De Galicia



# MEMORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

# MEMORIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA 2026/27



# SECCIÓN DA ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) é un centro de ensino musical creado en 1997 baixo a competencia da Xunta de Galicia.

A súa misión é a formación e perfeccionamento dos futuros profesionais da música, así como a organización de actividades de divulgación musical.

Integrada nun proxecto común coa Real Filharmonía de Galicia, a EAEM mantén unha estreita conexión coa actividade artística da orquestra. O seu equipo docente está composto maioritariamente por integrantes da RFG, o que permite ao estudiantado aprender directamente da experiencia, o coñecemento e a práctica diaria de músicos e músicas en activo de alta cualificación profesional.

Actualmente, a EAEM propón 4 niveis de formación:

→ Curso Avanzado de Especialización Orquestral (CAEO)

→ Curso de Especialización Instrumental (CEI)

→ Curso de corda para nenos

→ Clases maxistras

<b>PARTICIPACIÓN DO ESTUDANTADO DA EAEM NA TEMPADA DA RFG</b>	Nostalxia	7 e 8 outubro
	Espírito indomable	5 e 6 de novembro
	Contrafactum	12 e 13 de novembro
	Cineuropa: O maquinista da Xeneral	19 e 20 de novembro
	Dirección Futura	10 de decembro
	Cantamos de película!	17 e 18 de decembro
	Sorpresas	3 e 4 de febreiro
	A cuadratura do círculo	18 de febreiro
	Paisaxes da alma	25 e 26 de febreiro
	Reiniciar memoria	4, 5 e 6 de marzo
	Música viva	18 e 20 de marzo
	Melodías ocultas	22 e 23 de abril
	Horizontes infinitos	13 de maio
	A carón	27 e 28 de maio

## CALENDARIO RESUMO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

**OUTUBRO 26**

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
XOV 1	20.00 h	<b>Memoria</b> L. Berio, G. Mahler	B. Brönnimann (dir.) K. Wundsam (mezzo)	Auditorio de Galicia	18€
XOV 8	20.00 h	<b>Nostalxia</b> H. Villa-Lobos, M. Ravel, D. Milhaud, H. Duparc, G. Bizet	C. Ramos (dir.)	Auditorio de Galicia	15€

**NOVEMBRO 26**

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
XOV 5	20.00 h	<b>Espírito indomable</b> M. Lindberg, A. Dvořák	B. Brönnimann (dir.) R. Simovic (violín)	Auditorio de Galicia	18€
XOV 12	20.00 h	<b>Contrafactum</b> J. Planells, S. Rachmaninov, J. Sibelius	J. Francés (dir.) E. Gevorgyan (piano)	Auditorio de Galicia	18€
XOV 19	20.00 h	<b>Cineuropa: O maquinista da Xeneral</b> T. Brock	T. Brock (Dir.) Proxección do filme con música en directo	Auditorio de Galicia	20€
XOV 26	20.00 h	<b>Albores</b> C. W. Gluck, W. A. Mozart, M. T. von Paradis, F. Carulli, M. Giuliani, M. Hauptmann	K. Kasper (soprano) Esemble ADOC (cordas)	Auditorio de Galicia	15€

**DECEMBRO 26**

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
XOV 3	20.00 h	<b>Lembrando os clásicos</b> W. A. Mozart, J. S. Bach, L. Boccherini	S. Malov (violín, cello da spalla e dir.)	Auditorio de Galicia	18€
XOV 10	20.00 h	<b>Dirección futura</b> M. Lindberg, M. de Falla, J. Brahms	B. Brönnimann (dir.) Estudantado Curso	Auditorio de Galicia	15€
XOV 17	20.00 h	<b>Cantamos de película!</b> D. Elfman, J. Williams, Popular	J. Fajardo (dir.) Coros participativos	Auditorio de Galicia	15€

**XANEIRO 27**

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
MAR 5	20.00 h	<b>Concerto de Reis: O Crebanoces</b> P. I. Chaikovski	C. Ramos (dir.) L. Conde (dir. escena) X. M. Esperante (actor) C. Mojón (actriz)	Auditorio de Galicia	15€
XOV 21	20.00 h	<b>Entre dous tempos</b> C. Shaw, R. Strauss, E. Mayer	B. Brönnimann (dir.) I. Folgado (óboe)	Auditorio de Galicia	18€

**FEBREIRO 27**

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
XOV 4	20.00 h	<b>Sorpresas</b> W. A. Mozart, F. Mendelssohn, L. van Beethoven, F. J. Haydn	P. Kopachinskaja (violín e dir.)	Auditorio de Galicia	18€
XOV 11	20.00 h	<b>Antes do silencio</b> B. Britten, J. Brahms	W. Lehmkuhl (mezzo) Julius Drake (piano)	Auditorio de Galicia	15€
XOV 18	20.00 h	<b>A cuadratura do círculo</b> J. S. Bach / A. Webern, D. Pritchard, F. Schubert	P. So (dir.) P. Moore (trombón)	Auditorio de Galicia	18€
XOV 25	20.00 h	<b>Paisaxes da alma</b> M. Lindberg, E. Grieg, L. van Beethoven	J. Cruz (dir.) E. Gevorgyan (Piano)	Auditorio de Galicia	18€

**MARZO 27**

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
XOV 18	20.00 h	<b>Música viva</b> F. J. Haydn, A. Thorvaldsdottir, F. Schreker	B. Brönnimann (dir.) J. Moser (cello)	Auditorio de Galicia	18€

## ABRIL 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
XOV 1	20.00 h	<b>Les Boréades: A forza do vento</b> J. P. Rameau	C. Delaforge (dir.) C. Dubous (tenor)	Auditorio de Galicia	15€
MÉR 7	20.00 h	<b>O enigma do tempo</b> J. Capperauld, F. J. Haydn, F. Schubert	J. Bloxham (dir.)	Auditorio de Galicia	15€
XOV 22	20.00 h	<b>Melodías ocultas</b> G. Ligeti, P. I. Chaikovski, A. Arenski, I. Stravinski	B. Brönnimann (dir.) E. Gevorgyan (piano)	Auditorio de Galicia	18€
XOV 29	20.00 h	<b>Travesías e mitos Orquesta Sinfónica de Galicia</b> A. Dvořák, C. Saint-Saëns, G. Mahler	R. González Monjas (dir.) D. Shishkin (piano)	Auditorio de Galicia	15€

## MAIO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
MÉR 5	20.00 h	<b>Bailamos?</b> M. Uccellini, D. Ortiz A. Vivaldi	J. Sorrell (dir.)	Auditorio de Galicia	15€
XOV 13	20.00 h	<b>Horizontes infinitos</b> Fanny Mendelssohn, M. Ravel, E. Soutullo, Felix Mendelssohn	C. van Soeterstède (dir.)	Auditorio de Galicia	15€
XOV 27	20.00 h	<b>A carón</b> W. A. Mozart, H. Lachenmann, D. Shostakovich	B. Brönnimann (dir.) B. Zachhuber (clarinete) S. Pires (clarinete)	Auditorio de Galicia	18€

## XUÑO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
XOV 3	20.00 h	<b>Cantamos!</b> W. A. Mozart	J. Fajardo (dir.) / Coros participativos	Auditorio de Galicia	15€

# CONCERTOS INCLUIDOS NO ABONO (EN)FOCO XACOBEO

## OUTUBRO 26

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
VEN 16	20.00 h	<b>Unha noite de tango</b> A. Piazzolla	M. dal Masso (dir.) S. Ros (acordeón) O. Cobos e A. Barcia (danza)	Auditorio de Galicia	20€

## NOVEMBRO 26

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
VEN 20	20.00 h	<b>Cineuropa: O maquinista da Xeneral</b> T. Brock	T. Brock (dir.)	Auditorio de Galicia	20€

## MARZO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
VEN 12	20.00 h	<b>Rufus Wainwright e RFG</b> R. Wainwright	R. Wainwright (voz, guitarra, piano) B. Brönnimann (dir.) M. Johnson (batería)	Auditorio de Galicia	20€

## ABRIL 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
VEN 16	20.00 h	<b>Michel Camilo e RFG</b> A. Copland, M. Camilo	C. Rundell (dir.) Michel Camilo (piano)	Auditorio de Galicia	20€

## SETEMBRO 26

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
MÉR 16	20.00 h	<b>Concertos nos Barrios (Casa Máquinas)</b> W. A. Mozart, Fanny Mendelssohn, G. Bizet, G. Rossini, F. J. Haydn	C. Ramos (dir.)	Casa das Máquinas	Acceso libre
XOV 17	20.00 h	<b>Concertos nos Barrios (Conxo)</b> W. A. Mozart, Fanny Mendelssohn, G. Bizet, G. Rossini, F. J. Haydn	C. Ramos (dir.)	Igrexa de Santa María da Mercé	Acceso libre
VEN 18	20.00 h	<b>Concertos nos Barrios (Fontiñas)</b> W. A. Mozart, Fanny Mendelssohn, G. Bizet, G. Rossini, F. J. Haydn	C. Ramos (dir.)	C.C. Área Central	Acceso libre
SÁB 19	20.00 h	<b>Concertos nos Barrios (Santo Agostiño)</b> W. A. Mozart, Fanny Mendelssohn, G. Bizet, G. Rossini, F. J. Haydn	C. Ramos (dir.)	Igrexa de Santo Agostiño	Acceso libre
VEN 25	19.30 h	<b>Sensoxenoma26</b> Programa sorpresa	RFG e BMSC	Auditorio de Galicia	De balde con convite

## DECEMBRO 26

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
VEN 18	20.00	<b>Cantamos de película!</b> D. Elfman, J. Williams, Popular	J. Fajardo (dir.)	Auditorio de Galicia	15€

## XANEIRO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
MÉR 6	18.00 h	<b>O Crebanoces</b> P. I. Chaikovski	C. Ramos (dir.) L. Conde (dir. escena) X. M. Esperante (actor) C. Mojón (actriz)	Auditorio de Galicia	15€

## MAIO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
VEN 21	20.00 h	<b>Obradoiro de Composición</b> Novas/os compositoras/es	Ben Voce (dir.) M. Lindberg	Auditorio de Galicia	Acceso libre

## XUÑO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
VEN 4	20.00 h	<b>Cantamos!</b> W. A. Mozart	J. Fajardo (dir.) Coros participativos	Auditorio de Galicia	15€

## CONCERTOS EN FAMILIA

## OUTUBRO 26

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
SÁB 31	18.00 h	<b>O bosque de Grimm</b> M. Ravel (arr. J. López-Montes)	La Maquiné	Auditorio de Galicia	5€

## XANEIRO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
SÁB 30	18.00 h	<b>Farö</b> C. Debussy (arr. J. López-Montes)	La Maquiné	Auditorio de Galicia	5€

## MARZO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar	Entrada
SÁB 6	18.00 h	<b>Reiniciar memoria</b> A. Meredith, L. van Beethoven, M. Ravel	C. Ramos (dir.) M. Cajigal «El Barroquista» (narración)	Auditorio de Galicia	5€

## OUTUBRO 26

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar
VEN 2	20.00 h	<b>Memoria</b> L. Berio, G. Mahler	B. Brönnimann (dir.) K. Wundsam (mezzo)	Auditorio de Ferrol
MÉR 7	20.00 h	<b>Nostalxia</b> H. Villa-Lobos, M. Ravel, D. Milhaud, H. Duparc, G. Bizet	C. Ramos (dir.)	Afundación, Vigo

## NOVEMBRO 26

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar
VEN 6	20.30 h	<b>Espírito indomable</b> M. Lindberg, A. Dvořák	B. Brönnimann (dir.) R. Simovic (violín)	Afundación, Pontevedra
VEN 13	20.00 h	<b>Contrafactum</b> J. Planells, S. Rachmaninov	J. Francés (dir.) E. Gevorgyan (piano)	Auditorio de Ferrol

## DECEMBRO 26

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar
MÉR 2	20.00 h	<b>Lembrando os clásicos</b> W. A. Mozart, J. S. Bach, L. Boccherini	S. Malov (violín, cello da spalla e dir.)	Afundación, Vigo
VEN 4	20.00 h	<b>Lembrando os clásicos</b> W. A. Mozart, J. S. Bach, L. Boccherini	S. Malov (violín, cello da spalla e dir.)	Círculo das Artes, Lugo

## XANEIRO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar
VEN 22	20.00 h	<b>Entre dous tempos</b> C. Shaw, R. Strauss, E. Mayer	B. Brönnimann (dir.) I. Folgado (óboe)	Teatro Principal, Ourense

## FEBREIRO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar
MÉR 3	20.00 h	<b>Sorpresas</b> W. A. Mozart, F. Mendelssohn, L. v. Beethoven, F. J. Haydn	P. Kopachinskaja (violín e dir.)	Afundación, Vigo
VEN 26	20.00 h	<b>Paisaxes da alma</b> M. Lindberg, E. Grieg, L. van Beethoven	J. Cruz (dir.) E. Gevorgyan (piano)	Auditorio de Ferrol

## MARZO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar
SAB 20	20.00 h	<b>Música viva</b> F. J. Haydn, A. Thorvaldsdottir	B. Brönnimann (dir.) J. Moser (cello)	Palacio da Ópera, A Coruña

## ABRIL 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar
VEN 2	20.00 h	<b>Les Boréades: A forza do vento</b> J. P. Rameau	C. Delaforge (dir.) C. Dubous (tenor)	Afundación, Vigo
VEN 9	20.00 h	<b>O enigma do tempo</b> J. Capperauld, F. J. Haydn, F. Schubert	J. Bloxham (dir.)	Teatro Principal, Ourense
VEN 23	20.30 h	<b>Melodías ocultas</b> G. Ligeti, P. I. Chaikovski, A. Arenski, I. Stravinski	B. Brönnimann (dir.) E. Gevorgyan (piano)	Auditorio de Vilagarcía

## MAIO 27

Data	Hora	Título e programa	Dirección e solistas	Lugar
XOV 6	20.00 h	<b>Bailamos?</b> M. Uccellini, D. Ortiz, A. Vivaldi	J. Sorrell (dir.)	Círculo das Artes, Lugo
VEN 7	20.00 h	<b>Bailamos?</b> M. Uccellini, D. Ortiz, A. Vivaldi	J. Sorrell (dir.)	Auditorio de Ferrol
MÉR 12	20.00 h	<b>Horizontes infinitos</b> Fanny Mendelssohn, M. Ravel, E. Soutullo, Felix Mendelssohn	C. van Soesterstède (dir.)	Afundación, Vigo
VEN 28	20.30 h	<b>A carón</b> W. A. Mozart, H. Lachenmann	B. Brönnimann (dir.) B. Zachhuber (clarinete) S. Pires (clarinete)	Afundación, Pontevedra

# CONDICIÓN APLICABLES AOS ABONOS E ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN 2026/27

## VALIDEZ DO ABONO

Os abonos poderán ser trimestrais ou anuais e serán válidos para as actividades indicadas nesta publicación.

## LOCALIDADES

As persoas abonadas recibirán unha tarxeta de abono na que se incluírán as entradas correspondentes, mantendo a mesma fila e butaca durante todo o período contratado. Poderase seguir utilizando a tarxeta de tempadas anteriores.

Unha vez retirada, a custodia da tarxeta será responsabilidade da persoa titular do abono. No caso dos abonos individuais, o Auditorio poderá emitir un duplicado en situacións debidamente xustificadas de perda, roubo, deterioro ou destrución.

Nos abonos colectivos non se facilitarán duplicados gratuítos. A emisión dunha nova tarxeta implicará o aboamento de 5 € por cada tarxeta extraviada.

## UTILIZACIÓN

A non utilización do abono, xa sexa nun concerto concreto ou na totalidade

da programación incluída, non dará dereito a ningún tipo de devolución ou compensación económica.

A tarxeta de abono será nominal, aínda que poderá ser utilizada por outra persoa distinta da titular. Co obxectivo de garantir un correcto control de acceso e facilitar, se fose preciso, a trazabilidade das persoas asistentes, a persoa titular do abono deberá comunicar ao Auditorio de Galicia o nome e os datos de contacto da persoa que asistiu no seu lugar.

## ORGANIZACIÓN

No caso de que, por necesidades organizativas, algún dos concertos incluídos no abono se desenvolva cunha distribución de localidades non numeradas, as persoas abonadas conservarán o dereito de acceso ao concerto, pero non a unha fila ou butaca concreta. Deberán acomodarse nas butacas dispoñibles no momento de acceder á sala, sen posibilidade de reclamar a localidade habitualmente asignada no seu abono.

## ALTERACIÓNS

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de modificar a data, o horario ou o espazo de celebración dos concertos, así como de realizar cambios nas formacións ou artistas participantes, cando concorran circunstancias organizativas, técnicas ou alleas á súa vontade. Do mesmo xeito, poderá suspender ou cancelar algunha das actuacións programadas se as circunstancias así o requirisen. Estas modificacións non darán dereito á devolución do importe do abono.

## RENOVACIÓN DE ABONOS

Os días 22,23, 25, 26, 29 e 30 de xuño de 2026:

→No teléfono: 981 571 026, de 10.00 h a 14.00 h.

## NOVOS ABONOS

Os días 1 e 2 de xullo e 15, 16 e 17 de setembro de 2026:

→No despacho de billetes do Auditorio de Galicia, de 10.00 h a 14.00 h.

→No teléfono 981 571 026, de 10.00 h a 14.00 h.

→Na Zona C · Punto de Información Cultural, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h.

## ABONOS COLECTIVOS

Os días 15, 16 e 17 de setembro de 2026

→Haberá 50 abonos á venda a disposición de asociacións culturais e veciñais, escolas de música e centros educativos públicos. Para a compra destes abonos deberá acreditarse documentalmente a pertenza aos colectivos especificados.

→Cada entidade poderá dispoñer dun único abono.

→Cada abono contén catro entradas por concerto.

→Deberá adquirirse o abono para toda a tempada

→Serán asignadas filas e butacas unha vez rematada a renovación de abonos e compra de novos abonos.

→En caso de ter máis solicitudes que abonos colectivos dispoñibles, serán adxudicados por sorteo.

## VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada, a partir do día 22 de setembro:

→Preferentemente deberase mercar as e entradas en: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

→Na Zona C · Punto de información cultural (Preguntoiro, 1). De martes a sábado de 11.00 h a 14.00 h e de 16.00 h a 19.00 h

→No despacho de billetes do Auditorio de Galicia, só os días do concerto de 19.00 h a 20.00 h.

## MÉTODO DE PAGO

En efectivo ou con tarxeta Visa ou Mastercard.

## DESCONTOS E PREZOS ESPECIAIS

→As entradas soltas para cada concerto terán os descontos habituais do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, persoas con discapacidade, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas. Descontos non acumulables. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

→A entrada para os Concertos familiares da RFG terá un prezo de 5 euros.

## ABONOS XERAIS

	<b>OUTUBRO - XUÑO</b> 24 concertos	<b>CON (EN)FOCO XACOBEO</b> 27 concertos
ABONO A	298,50€	343,50 €
Especial *	199,00€	244,00 €

	<b>OUTUBRO - XANEIRO</b> 11 concertos	<b>CON (EN)FOCO XACOBEO</b> 12 concertos
ABONO B	157,25 €	172,25 €
Especial *	92,50 €	107,50 €

	<b>FEBREIRO - XUÑO</b> 13 concertos	<b>CON (EN)FOCO XACOBEO</b> 15 concertos
ABONO C	181,05 €	211,05 €
Especial *	106,50 €	136,50 €

ABONO COLECTIVO\*\* 600€

## OUTROS ABONOS

(EN)FOCO XACOBEO 68€  
4 concertos

ABONO FLEXIBLE 5 70€  
(a elixir)\*\*

ABONO FLEXIBLE 10 140€  
(a elixir)\*\*

\* Desconto 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, persoas con discapacidade, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas

\*\* non aplicable a concertos do ciclo (EN)FOCO XACOBEO



# MEMORIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA 2026/27

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

### DIRECTOR ARTÍSTICO E TITULAR

Baldur Brönnimann

### DIRECTOR ASISTENTE

César Ramos

### FRAUTAS

Laurent Blaiteau

Luís Soto

### ÓBOES

Christina Dominik

Esther Viúdez

### CLARINETES

Beatriz López

Vicente López

### FAGOTS

Juan Carlos Otero

Manuel Veiga

### TROMPAS

Jordi Ortega

Alfredo Varela

Xavier Ramón

### TROMPETAS

Javier Simó

Ramón LLátser

### TIMBAL

José Vicente Faus

### VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino

Adriana Winkler, axuda de concertino

Anca Smeu, copríncipal

Ildikó Oltai

Anna Alexandrova

Ilya Fisher

Victoria Jurov

Daniel Kordubaylo

Yulia Petrushevskaya

Michal Ryczal

Leticia Herranz

### VIOLÍNS II

Grigori Nedobora

Nikolay Velikov

Samira Ajkic

Irina Gruia

Kiyoko Ohashi

Enrique Roca

Helena Sengelow

Elina Viksne

Gyula Vadaszi

### VIOLAS

Natalia Madison

Oxana Bakulina

Ionela Ciobotaru

Iriana Fernández

Timur Sadykov

Anne Schlossmacher

### VIOLONCELLOS

Barbara Switalska

Millán Abeledo

Carlos García

Thomas Piel

Fabio Arias (interino)

### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez

Alfonso Morán

Amador del Pozo (interino)

### →EQUIPO TÉCNICO DA RFG

#### DIRECTORA TÉCNICA

Sabela García Fonte

#### COORDINADORA DE ACTIVIDADES

Mariluz González Domínguez

#### PRODUCCIÓN

Esther Calvo Vázquez

#### ADMINISTRACIÓN

Aurora Díaz Varela

#### ARQUIVEIRA

María del Carmen Lorenzo

Vizcaíno

#### UTILLEIROS

Francisco Fernández e

Juan Ramos (Servicio Móbil)

### →CONSORCIO DE SANTIAGO

#### CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

##### Presidenta

**Goretti Sanmartín Rei**

Alcaldesa de Santiago de Compostela

##### Vicepresidentes

**Lidia Sánchez Milán**

Subsecretaria do Ministerio de Facenda

**José López Campos**

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia

##### Vogalías

**Rafael Guerra Posadas**

Subsecretario do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible

**María del Carmen Páez Soria**

Subsecretaria do Ministerio de Cultura

**Román Rodríguez González**

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia

**Miguel Corgos López-Prado**

Conselleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia

**Borja Vereá Fraiz**

Conselleiro do Concello de Santiago de Compostela

**Gumersindo Guinarte Cabada**

Conselleiro do Concello de Santiago de Compostela

##### Secretario

**José Manuel**

**González García**

Secretario do Concello de Santiago de Compostela e do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela

Teñen dereito de asistencia, con voz e sen voto:

**Marta Oviedo Creo**

Interventora do Concello de Santiago de Compostela e responsable de control do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela

**José Antonio**

**Domínguez Varela**

Xerente do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela

Por invitación da presidencia:

**María Rozas Pérez**

Concelleira do Concello de Santiago de Compostela

#### COMISIÓN EXECUTIVA

##### Presidenta

**Goretti Sanmartín Rei**

Alcaldesa de Santiago de Compostela

##### Vogais

**Juan Ángel Esteban Paul**

Inspector xeral do Ministerio de Facenda

**Elvira Mª Casal García**

Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia

##### Secretario

**José Manuel González García**

Secretario do Concello de Santiago de Compostela

Teñen dereito de asistencia, con voz e sen voto:

**Borja Vereá Fraiz**

Conselleiro do Concello de Santiago de Compostela

**Gumersindo Guinarte Cabada**

Conselleiro do Concello de Santiago de Compostela

**Marta Oviedo Creo**

Interventora do Concello de Santiago de Compostela e responsable de control do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela

**José Antonio Domínguez Varela**

Xerente do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela

Por invitación da presidencia:

**María Rozas Pérez**

Concelleira do Concello de Santiago de Compostela

#### UNIDADE

##### ADMINISTRATIVA

Laura Castro Caamaño

Emilia Díaz Varela

Elisa González Rosendo

Jorge Sampayo Salgueiro

Mercedes Suárez Louza

Begoña Vázquez Rodríguez

### →AUDITORIO DE GALICIA

#### CONSELLO REITOR

##### Presidenta

**Goretti Sanmartín Rei**

Alcaldesa de Santiago de Compostela

##### Vogais

José Antonio Constenla Ramos

Miriam Louzao Fernández

Marta Abal Rodríguez

María Rozas Pérez

##### Secretario

José Manuel González García

##### Interventor

Marta Oviedo Creo

Director–Xerente

Xaquín López González

#### Persoal

David Areán Rivas

Chus Busto Castiñeiras

Santiago Cabrera Fontenla

Rogelio Fernández García

Antonio Liñares Fernández

Carlos Marcote Antelo

José Mayo Suárez

Carlos Millán Calenti

Silvia Modia Ferreiro

Ángeles Otero Cabanas

Ana Parga Salgado

Ángela Pereira Costa

Silvia Roca Baamonde

Javier Rodríguez Sanmartín

José Rodríguez Sanmartín

Antonio Vieites Balsa

### →CREATIVIDADE E COMUNICACIÓN

Textos do programa

Rosa Fernández

Doutora en Musicoloxía

Deseño e Maquetación

Patricia Portela Vaamonde

Comunicación, Redes

sociais e Prensa

Thaís Menezes de Oliveira

(100x100 Comunicación + Creatividade)



# MEMORIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA 2026/27

## AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo  
das Nacións, s/n  
15705 Santiago  
de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979  
981 542 462

## OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

## INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

## FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

## X

@CCultura

## TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

# MEMORIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA 2026/27

